

TERRA DE
OUTES
outubro
decembro
2022
número 60
2 €

Editorial
LOAR OS QUINCE ANOS DA REVISTA

Pasados quince anos da revista "Terra de Outes" impónnos un pouco que ao paso de todo este tempo, cada tres meses, fósemos capaces, cun longo proceso creativo por parte de toda a xente que colabora para o mesmo fin, de levar a cabo tal proxecto. Foron moitas entrevistas, moitos artigos, receitas, fotos antigas, libros comentados, artigos de economía, das peripecias cos barcos, de medicina, de historia, opinión e humor, ademais dos referentes ao noso vate (presente mesmo no logotipo da asociación) Francisco Añón.

Xa queda lonxe aquel novembro do ano 2007 no que saía a luz o primeiro número, que xa forma parte da rutina para moitos lectores, grande parte deles coleccionan os exemplares, detalle que nos enche de satisfacción a todos os que formamos parte dalgunha maneira desta familia da revista.

Temos sesenta exemplos de coordinación e duro recoller de contidos, nos que pasaron por estas páxinas, colaboracións sempre agradecidas de amigos e coñecidos que nos son fieis cos seus artigos, dando a coñecer as súas vidas nas entrevistas, aportando o seu gran de area neste proxecto cultural, poñendo en valor a nosa xente, o noso pobo, as nosas "cousas", a nosa lingua, para que xeracións futuras saiban de todo isto en primeira persoa, se comparten un mínimo interese. Ademais da xente comprometida e fixa número a número, tamén temos que loar os esporádicos que de cando en vez nos achegan textos para divulgar, pois o que buscamos é que todos teñan cabida, pois canta máis pluralidade mellor.

Emprazamos a todos/as os/as lectores/as a que nos vaian acompañando exemplar a exemplar ata a próxima data dos vinte anos, o cal sería un grande éxito pola parte de todos, pois poucas revistas desta índole acaban chegando tan lonxe. Mais aí quedamos? Apertas fortes.

Deseño da capa: PEPE BARRO

Dicionario xeográfico
Xoán Mariño

A Manga. Localidade murciana de onde son naturais os mangantes, razón pola que é o lugar preferido dos comisionistas madrileños para veranear.

Áraba. Provincia de Euskadi habitada por árabes que non practican o islam, senón deportes populares vascos como partir troncos.

Bengala. Territorio asiático que serve para facer sinais luminosos.

Huelva. Cidade andaluza de onde proceden os onubenses, a quen se consideran fundadores da ONU.

Oriente Medio. Dise da persoa que só é capaz de orientarse a medias.

Palas de Rei. Concello lugués de onde proceden os paletos todos que acoden a Sanxenxo a aclamar ao "emérito".

Romanía. País do leste de Europa de onde viñeron os romanos que na antigüidade construíron para nós a Torre de Hércules e a muralla de Lugo.

Saxonia. Territorio alemán onde todo o mundo toca o saxo de maneira virtuosa.

Silesia. Territorio de Europa central hoxe pertencente a Polonia de onde son os silandeiros, xente que pasa silenciosamente cabo de nós. Por extensión son os polacos de poucas palabras.

FE DE ERROS

• Na entrevista realizada a Eladio Lores no número anterior cítase erroneamente á súa nai como Lolita, cando en realidade era Victoria e cando esta faleceu a súa idade era de 43 anos.

• Asi mesmo, no relato de Manel Monteagudo (páx. 23) nalgunhas revistas quedou cortada a frase final: "poro da nosa pel, asomase sempre amor e felicidade."

Director: Xosé M. Vázquez Luhía-Especht
Consello de Redacción: Domingo Campos, Xoán X. Mariño, Manuel do Río, Lidia Vicente, Ramón Blanco
Edita: A.C.C. Terra de Outes
Maqueta e imprime: Grafinoia, S.L.
Correo electrónico: terradeoutes@gmail.com

Visita a nosa páxina web:
www.terradeoutes.com

Revista subvencionada por:

Deputación DA CORUÑA

Concello de Outes

Churrascada de Terra de Outes

No pasado 16 de xullo tivo lugar a churrascada que a nosa asociación organiza cada verán para a súa xente socia e colaboradora, de novo á sombra das árbores da área recreativa de Seilán, que a Sociedade Liceo de Noia volveu poñer á nosa disposición.

E, coma sempre, logo de que se consumiron as empanadas e toda a carne asada para as vinte e pico persoas asistentes, durante a sobremesa levouse a cabo a presentación do novo número da revista *Terra de Outes*, labor que correspondeu unha vez máis a Xoán Mariño, quen, en representación do consello de redacción que vén elaborando as súas páxinas dende hai xa case 15 anos, agradeceu o esforzo intelectual e creativo de tódalas persoas que contribúen a enche-las distintas seccións desta revista para seguir atendendo as lectoras e lectores que, co seu interese, dan sentido a esta publicación.



Concerto



Co motivo da realización do IX Festival Internacional de Arpa Vila de Noia, o domingo 7 de agosto puidemos desfrutar dun fermoso concerto a cargo da arpista catalá Anna Amigó e tamén dos irmáns Corbalán do Paraguai.

A nosa asociación, Terra de Outes, participou na organización deste importante evento (única cita de arpa do noroeste ibérico) polo que o concerto se organizou nun lugar de privilexio deste concello como é o Auditorio Aberto Cabaniñas do Bosque en Albeida. Na súa presentación tomou a palabra Manuel Lema, quen, en representación dos promotores, agradeceu a nosa colaboración.

Nunha contorna natural e con vista á ría, as e os artistas interpretaron pezas de estilos moi diferentes que fixeron as ledicias dos e das que alí estabamos. Música de calidade nunha contorna moi especial, como moitas das que temos no concello, foi unha combinación perfecta.

LOTERÍA DE NADAL
TERRA DE OUTES

43.037

Adquire a túa participación
Na Serra en Café-Bar Tines, Quiosco Vicente, Pescadería Kiko e Librería Pimpiniño;
en Noia na Perruquería Emain e no Estanco Maruxa.

A xurisdición de Muros (XXIII)


Interrogatorio de Carnota e máis nel comprendidas

Xoán F. García

Interrogatorio de Carnota (freguesías de San Mamede de Carnota, Santiago de Louro, Santo Estevo de Abelleira e San Cosme de Antes).

Respostas ás catorce primeiras preguntas.

Na freguesía de San Mamede de Carnota, xurisdición de Muros e Casa da Audiencia sinalada, a cinco días do mes de xullo de mil setecentos cincuenta e tres, o Sr. Cecilio Morphi Valle y Silva, subdelegado, recado político precedido e citación conducente para a persoal asistencia de D. Miguel Angel Vermúdez, cura párroco desta dita freguesía; D. Domingo Antonio González da de Louro; D. Bentura Pelaio Moledo, da de Abelleira; e D. Liborio Ignacio Álvarez, da de San Cosme de Antes; D. Francisco Alejandro de Silva, xuíz ordinario desta xurisdición; Joseph Luazes, o seu escribán de número; Bentura García; Domingo Antonio Da Rama; Gregorio de Sendón e Silverio de Alvite, mordomos pedáneos destas catro freguesías. Thomas de Limideiro, Adrián García, Jazinto de Moledo, Joseph Fernández, labradores e veciños delas, peritos nomeados para os seus respectivos lugares. Joseph de Castro, Bernardo Domínguez,


Interrogatorio delas Feligr[esías]
de Carnota ymas enel
comprehendidas.
637
En la feligresia de San Mamed de
Carnota Jurisdicion de Muros y casa de audiencia
señalada a cinco dias del mes de Julio año de mil setecien-
tos cincuenta y tres: el señor D. Cecilio Morphi valle
y silva subdelegado precedido recado, politico, y condu-
cente citacion para la personal asistencia del Miguel
Angel Vermudez dicho Parrocho desta dha feligresia
D. Domingo Antonio Gonzales dela de Louro D. Ben-
tura Pelaio de Moledo dela Abelleira, y D. Liborio
Ignacio Alvarez delade San Cosme de Antes, D.
Francisco Alejandro de silva Juez ordinario de
esta Jurisdicion, Joseph Luazes su escribano de
Numero, Ventura Garcia, Domingo Antonio da

Imaxe 1: primeira páxina do Interrogatorio de Carnota. (Museo do Prado).

Joseph Somoza, Francisco de Abuín, Joseph Vezerra e Thomas de Rarís, veciños desta xurisdición e dos seus arredores, elixidos por parte da S.M., uns e outros como persoas da mellor opinión e coñecemento na extensión do termo, calidades e cantidades, froitos e cultura de terras e máis que determina o interrogatorio sinalado coa letra A, cuxo impreso antecede e se lles confiou de antemán para a súa maior intelixencia, paso presente eu, o infraescrito escribán, a darlle principio, e ratificándose os segrares que eles e non outros prestaron nos autos, e reiterándoo de novo, do que dou fe, dixeron a cada pregunta o seguinte:

1.ª- **Á primeira,** que as ditas catro freguesías comunmente se chaman: San Mamede de Carnota, Santiago de Louro, Santo Estevo de Abelleira e San Cosme de Antes, como comprendidas nesta xurisdición de Muros, e responden.

2.ª- **Á segunda,** que son do dominio xurisdicional do arcebispo de Santiago, quen en cuxa xurisdición pon xuíz que o é actual o referido D. Francisco Alejandro de Silva. Pon tamén sete escribáns de número, dos cales asisten seis na vila de Muros e o outro na xurisdición que vulgarmente chaman O Alfoz, quen ademais de coñecer das causas civís e criminais coñece tamén do goberno político e económico das ditas freguesías. Percibe o marqués da Serra, por razón de vasalaxe de cada veciño desta freguesía de Carnota, un real e dous marabedís de billón, que lle ascenderán ao ano a douscentos setenta reais. Na de Abelleira tamén percibe pola mesma razón de cada veciño outro real e dous marabedís, que importarán ao ano noventa reais; e na de San Cosme de Antes percibe de cada un tres, que lle ascenderán ao ano a cento vinte reais; sen que saiban o título que para todo iso teñan o referido arcebispo e o marqués ao que, se aparecesen, se remiten, e responden.

3.ª- **Á terceira,** que esta freguesía de Carnota ocupa do levante ao poñente unha legua, do norte ao mediodía outro tanto; e de circunferencia tres, que para camiñala se necesitan cinco horas. Demarca ao levante con Santa María de Coiro, poñente co mar, norte río e mediodía Santa Columba de Carnota. A de Louro ocupa do levante ao poñente media legua, do norte ao mediodía outro tanto, e de circunferencia unha, que para camiñala é necesaria hora e media. Demarca ao levante, poñente e mediodía co mar, e norte con San Xoán de Serres. A de Abelleira, do levante ao poñente un cuarto de legua, do norte ao mediodía outro tanto, e de circunferencia tres cuartos de legua que para camiñala se necesita unha hora. Levante Santiago de Tal, poñente San Xoán de Serres, norte San Xián de Torea, mediodía mar. E a de San Cosme de Antes ocupa do levante ao poñente medio cuarto de legua, outro tanto do norte ao mediodía, e de circunferencia media legua que son necesarios tres cuartos de hora para camiñalos. Levante Santo André da Pereira, poñente e mediodía San Mamede de Alborés, norte río. E a figura de cada unha das ditas freguesías é a da marxe e responden.

4.ª- **Á cuarta,** que as especies de terra que se atopan no termo de cada unha das ditas catro freguesías son as seguintes: nesta de Carnota hortaliza secaño, sementeira de secaño, prados de regadío

e secaño, piñeirais, salgueiros, toxeiras e xesteiras. Na de Abelleira hortaliza, sementeira e prados todo de regadío e secaño, devesas, soutos, sobreiras, toxeiras e xesteiras. Na de Louro hortaliza, sementeira e prados todo de regadío e secaño e toxeiras. E na de San Cosme de Antes hortaliza, sementeira e prados todo secaño, e toxeiras e xesteiras. E en todas elas montes comúns, infrutíferos de natureza. A sementeira e prados de ambas as especies producen unha soa colleita ao ano, por non haber colleita de segunda man no labradío. E os montes comúns por seren baixos e inútiles de natureza non teñen produción ningunha, e responden.

5.ª- **Á quinta,** que en cada unha das especies que deixan exposto hai primeira, segunda e terceira calidade, a excepción do piñeiral e salgueiros desta freguesía de Carnota, hortaliza regadío da de Louro e sobreiras de Abelleira, que son de única. E igualmente os montes comúns de todas as catro freguesías, e responden.

6.ª, 7.ª, 8.ª.- **Á sexta, sétima e oitava,** que en ningunha delas se atopan árbores ningunhas das que contén, a excepción do piñeiral e salgueiros desta de Carnota, devesas e soutos da de Abelleira como deixan exposto; pero cada especie destas atópase en terras que só serven para este efecto, plantadas confusamente e sen orde, espalladas por toda ela sen arte nin curiosidade, e responden.

9.ª- **Á novena,** que nas mesmas catro freguesías se emprega a medida de terra co nome de ferrado de centeo que fai doce cuncas como o trigo, e o millo miúdo ten vinte e cinco varas castelás en cadro que fan de circunferencia cen. E no que ocupa esta medida seméntanse nove cuncas de trigo, unha de millo miúdo, tres de millo e un ferrado de liñaza; que de cada unha destas dúas últimas especies fai o ferrado dezaseis cuncas, e responden.

10.ª- **Á décima,** que non poden disolver o número de medidas de terra que a punto fixo hai no termo de cada freguesía, só que teñen as especies e calidades que deixan exposto, se cultivan e frutifican a excepción dos camiños, eiras e montes comúns para cuxa verificación se remiten ás relacións dos veciños e recoñecemento feitos conformándose no número que destas dilixencias resultase, e responden.

11.ª- **Á undécima,** que as especies de froitos que se collen no termo de cada unha das ditas freguesías son nesta maneira: na hortaliza de ambas as especies de todas elas coles galegas; na sementeira desta freguesía de Carnota e da de Abelleira, trigo, centeo, millo e liño; na de Louro as mesmas especies e ademais delas millo miúdo; e na de San Cosme de Antes trigo, centeo e millo, nos soutos castañas e nos prados herba de segar, e responden.

12.ª- **Á duodécima,** que a sementeira de ambas as especies das ditas catro freguesías é dunha mesma produción, sen distinguir nela o labradío regadío do secaño, e atendendo á variedade con que cada individuo labrador acostuma sementar os grans sen ter para ningún deles propiedade limitada, regulan a unha medida de terra tanto de regadío como de secaño posta a hortaliza, vinte reais de billón un ano con outro igual, sendo de primeira e única calidade; de segunda en quince, e de terceira en dez; todo isto polas coles que poden producir. De que non hai comercio e só serven para o uso dos seus donos. A mesma medida de terra de primeira calidade posta a trigo cunha ordenada cultura produce tres ferrados desta especie, de segunda dous e de terceira un. Sementado de centeo catro ferrados de primeira calidade, de segunda tres e de terceira dous. E de millo ten a mesma produción que de centeo. Sementado de millo miúdo, na freguesía de Santiago de Louro, que regularmente se fai en terra de secaño de terceira calidade produce dous ferrados, e sementado de



Imaxe 2: Igrexa de San Mamede de Carnota

liño nas de Louro, Abelleira e esta de Carnota, que de ordinario se fai en terra de regadío das dúas primeiras e en secaño na de Carnota, un e outro de primeira calidade, dá catro feixes que chaman lagoreiros, e cada un é o que unha muller pode levar na cabeza e o ferrado de liñaza que se botou na terra. Un ferrado de prado de regadío de primeira calidade das freguesías de Carnota, Louro e Abelleira ten de valor en diñeiro pola herba que produce no ano, vinte e catro reais, de segunda dezaoito e de terceira doce. O secaño de todas as catro freguesías dezaoito reais de primeira calidade, catorce de segunda e nove de terceira. O ferrado de toxeira e xestas de primeira calidade, que se corta de tres en tres anos, dá cada un catro carros e o mesmo dá o de segunda que se corta de seis en seis e o de terceira que é de nove en nove. E os montes comúns por seren baixos, pedregosos e inútiles de natureza, non lles consideran utilidade ningunha, e responden.

13.ª- **Á décimo terceira,** que plantada unha medida de terra a carballos dos que deixan exposto nas preguntas seis, sete e oito, sendo de primeira calidade en que entran doce e se cortan de catro en catro anos, produce seis carros de leña, de segunda en que entran dezaoito e se cortan de seis en seis anos, e de terceira vinte e catro e córtanse de dez en dez, dan os mesmos carros cada unha. A castiñeiros de primeira calidade produce tres ferrados de castañas, de segunda dous e de terceira un. A piñeiral, que ordinariamente se corta de cincuenta en cincuenta anos polo pé, nesta freguesía de Carnota, en que é de única calidade, regúlanlle doce reais; a salgueiros que é da mesma, nesta propia freguesía, quince. A sobreiras da de Abelleira, que tamén son de única, dezaoito reais, en cuxo produto vai regulado a cortiza que se lle estona de catro en catro anos, e a utilidade que pode dar a árbore cortada polo regular aos cen anos, e responden.

14.ª- **Á décimo cuarta,** que computados uns anos con outros estiman o ferrado de trigo en cinco reais, o de centeo en tres, o de millo gordo en catro, o de miúdo en dous, o feixe ou lagoreiro de liño verde e en bruto en cinco, o ferrado de liñaza en oito, o de castañas en cinco, o carro de toxo en tres reais, o de leña de carballo en catro, o de xestas en dous. E para a renda de foros tamén regulan unha galiña tres reais, un par de capóns cinco e o mesmo un cabrito, un carneiro once reais, un año catro, unha libra de la un, unha porca dez, un cuartillo de mel catro e outro tanto o de manteiga, unha libra de cera oito e dez un carro de palla triga, un par de polos un real, e responden.

Hórreos de San Ourente (I)

Xoán Mariño

Entre os anos 2000 e 2003, por iniciativa de Pilar Sampedro, entón directora do IES Poeta Añón e co financiamento e axuda loxística do Concello, levouse a cabo un inventario da arquitectura popular de Outes. O motivo principal que impulsou aos que abordamos tal labor era cuantificar e coñecer tódolos bens do noso patrimonio cultural que debían ser conservados a fin de preservalos para xeracións futuras diante do seu evidente e crecente deterioro, debido ao imparable abandono do rural, ao que estas construcións (hórreos, muíños, fontes e pombais) están indisolublemente unidas.

A tarefa de cataloga-la arquitectura popular do noso concello foi realizada por un equipo composto por Xosé M. Vázquez "*Xastre*"; Xan García; Xacinto Cambeiro e quen esto subscribe, como coordinador. Pero tamén contou coa colaboración de Soledad Agra, na Poza; Manuel Lema, en Cabana Moura e Oroña; Juan Rodríguez "*Xallas",* en Banzas; e Xoán Domingos Caamaño, nos muíños do río Donas e Rial.

Mais este labor foi precedido dun intenso traballo de campo ó longo e ancho de todo o concello por parte dun cento de alumnos e alumnas do instituto, organizados en diferentes grupos que recolleron máis de 1100 fichas de hórreos en todo Outes, rigorosamente ordenadas por parroquias e lugares; case 180 de muíños, así mesmo clasificados por parroquias; igual que as 117 fontes e 32 pombais, así como 18 reloxos de sol existentes no noso termo municipal.

O grupo ao cal lle correspondeu percorrer San Outente na procura de todos estes elementos estivo formado polos seguintes estudantes de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO do curso 1999-2000: Noa Villar Martínez, Mónica Tuñas Antelo, Noelia Rodríguez Tuñas, Helena Caamaño Campos, Romina Coo Campos, Eva Cives Lourido, Lourdes Romero Tuñas, Mario Nieto Villaverde, Raúl Nieto Nieto, Mario Martínez Tuñas, Sergio Buján Lourido, Luis Casais Otero e Marcos Otero Blanco, coordinados por Marcos Blanco Capelo[1], que realizaron un espléndido traballo de localización e identificacción dos elementos de arquitectura popular que cumpría inventariar antes de ningunha outra cousa e que, no ano seguinte, o equipo de catalogación procedeu a fotografiar, medir e describir, para que, finalmente, o responsable último dos labores fixese a catalogación, é dicir, un ordenamento do material recompilado de acordo con criterios de carácter tipolóxico no caso dos hórreos, fontes e lavadoiros e de simple organización espacial no caso dos muíños, pombais e reloxos de sol, por non haber diversidade tipolóxica nestes últimos elementos[2].

Catalogáronse no proceso 201 hórreos tradicionais na parroquia de San Ourente, dos cales 95 eran de pedra, 7 de madeira e os 99 restantes, mixtos. No entanto, a pesar de tan gran cantidade, a maioría das trinta e catro entidades de poboación que pertencen a esta freguesía posúe un número inferior a 10 hórreos cada unha; só en cinco casos esa cifra é superior: A Poza, onde hai 12 deles; Banzas, que acada a maior cantidade, con 21; Cabana Moura, que ten 15; Ousesende, 14 e Vilar de Banzas, tamén 12.

1. Os hórreos de pedra

O número de hórreos de pedra é bastante grande, case a metade do total, só un pouco inferior ós que hai en Valadares (111), pero moi superior ós 70 do Freixo, os 50 de Outes ou os 32 de Cando; e desde logo, moito maior cós 17 de San Lourenzo, os 10 de Roo, os 5 de Tarás, os 3 de San Cosme e os 2 de Entíns. En cambio sorprende a escasa cantidade dos construídos con elaborada cantaría en comparación coas parroquia do Freixo, Cando e San Pedro de Outes, onde hai 44, 29 e 28, respectivamente, fronte ós só 8 de San Ourente; número semellante ós de Valadares (7), Roo (6) e algo maior que os de Tarás (3), San Cosme (3), Entíns (2) e San Lourenzo (2).

Hórreos de cantaría

Hai 95 hórreos de pedra en San Ourente, dos cales, como dixemos, só 8 son de cantaría, espallados pola parroquia sen que haxa un só lugar con máis dun deles: A Poza, A Seara, Banzas, Galteiros, Buíste, Os Mourelos, Os Muíños e Quintela.

Dado que, ao contrario cós mixtos, carecen de columnas nas paredes que articulen os diferentes tramos, son os soportes os que serven para determinar se un hórreo é de un, dous ou máis tramos. E utilizando este criterio, entre eses oito hórreos temos un dun só tramo, dous de dous



Foto 1. Hórreo de Dolores Cuns. Buíste.

tramos, dous de tres tramos, un de catro tramos, outro de cinco e outro máis de seis.

Dada a diversidade de tramos a súa lonxitude é tamén moi distinta. Miden entre catro e dez metros e medio de longo; pero tamén son moi diferentes as alturas: entre 3,7 e 5,2 metros de alto[3]; así como tamén a anchura, que vai de 1,28 m aos 3,15 m. Os seus soportes son, en tres dos casos, cepas de pedra (pequenos muros transversais) coma as que ten o *hórreo de Dolores Cuns* (foto 1), xeralmente con tornarratos continuo e a cara superior biselada, salvo no lugar onde vai a porta, que se converte nunha plataforma rectangular para facilita-lo acceso á cámara.

O resto dos hórreos teñen pés, todos oitavados, como soportes, con tornarratos circulares, pero onde vai a porta alí substitúense por capas rectangulares que fan máis doado subir ó hórreo.

As súas cámaras, de pedra totalmente labrada, presentan nas paredes costais fiadas xeralmente ben ordenadas de pedras de cantaría separadas por fendas de ventilación dispostas en varias columnas de 9 ou 10 rañuras cada unha, mentres que nos penais van, na maior parte dos casos, un par de ringleiras dun número variable rañuras en cada un, pero nos casos nos que as cámaras teñen un maior ancho do normal, nos penais adoitan ir tres ringleiras de rañuras ou ben dúas e mais unha porta (ver foto 2). Nalgunha ocasión, na parte superior, a cornixa moldurada na cal pousa o teito rodea o hórreo por tódolos lados, dando lugar, xunto coas sobrepenas, a uns singulares frontóns nas paredes penais, fórmula característica deste tipo de construcións en Cando[4].

O teito, sempre a dúas augas, cóbrese con tella curva do país, ou plana[5]. E decórase con artísticos remates no alto de cada pinche; xeralmente pináculos piramidais sobre unha sucesión de pedestal e molduras cóncavas e convexas superpostas; ás veces algún dos pináculos é substituído por unha cruz.



Foto 2. Hórreo de Teodoro. A Seara.

Hórreos perpiaños

Estes hórreos están construídos, igual cós anteriores, con boa cantaría nos soportes (pés e tornarratos), pinches, cornixas, sobrepenas e incluso as grades nas cales asenta a cámara, pero esta xa está conformada por pedras de regular tamaño, sen puír e case sen desbastar, deixando pequenas aberturas de ventilación entre elas. Son un total de 19, sete deles




Foto 3. Hórreo do Faio. Banzas.

están en Banzas, entre eles un de máis de dez metros de longo construído sobre unha parede de pedra que pola parte oriental acada unha altura de seis metros e e sesenta cm sobre o nivel da rúa, o cal o converte nun dos máis impoñentes de toda a comarca (ver foto 3) e ademais é, xunto con outro de cachotería en Sacido, un dos dous únicos dos feitos en pedra que posúen dúas portas nunha parede costal.

As súas dimensións, como no caso dos de cantaría, som tamén moi diversas, van desde os 4,88 e 5,83 m os dous máis curtos ata os 10,50 que teñen os dous máis longos; pero a maioría (9 deles) miden entre 6 e 7 m de longo. De ancho miden todos en torno ao metro e medio e de alto, sacando aquel caso excepcional de Banzas que acada os 10 m de altura pola parte oriental, o resto posúen entre tres metros e medio e catro desde a base dos soportes ata o alto das sobrepenas.

Polo que se refire aos seus soportes, só hai un que se ergue sobre cepas e outro (o caso do Faio arriba mencionado) sobre celeiro; o resto faino sobre pés maioritariamente oitavados; hai dous casos de pés cilíndricos e case todos con tornarratos redondos de cara superior curva, salvo dous exemplares, que teñen capas rectangulares.

A cámara xa non está organizada en sillares dispostos regularmente en fiadas separadas por regandixas de ventilación todas do mesmo tamaño, senón que as rañuras de ventilación son sinxelos rebaixes nas arestas horizontais dos bloques e as súas caras externas están sen rematar, salvo esquinais, pinches, marco da porta e cornixas.

Teitume e remates decorativos, en cambio, non presentan diferenzas respecto aos anteriores.

---

[1] Noutras parroquias participaron tamén outros colaboradores e colaboradoras que se citarán oportunamente.

[2] Os demais elementos da arquitectura popular inventariados (muíños, fontes, pombais e reloxos de sol) quedan para outros futuros artigos nestas páxinas.

[3] A altura medíuse en tódolos casos ata o vértice superior do pinche, excluíndo, polo tanto, os remates.

[4] Ver revista *Terra de Outes*, nº 50.

[5] En San Ourente non hai ningún caso, ao contrario que noutras parroquias, de teitos de pedra.

De igualdade na LIXG
Literatura Infantil e Xuvenil Galega

Pilar Sampedro

De todos aqueles valores que se fixeran presentes, a través da "transversalidade" (é dicir, que tiñan que atravesar todas as materias e actividades dos centros educativos), na LOXSE (Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo, 1990), tal vez o da Igualdade do home e a muller sexa un dos que reclama máis a nosa atención.

Faino porque os asasinatos de mulleres (a mostra máis extrema e patente desa desigualdade) continúan á orde do día; porque seguimos vendo pasos atrás continuamente e con eles a demostración de que as conquistas non se manteñen se non é loitando cada xornada; porque o feminismo, esa revolución que semellaba silenciosa e sinal de identidade do noso tempo, se ve atacado cunha falta de pudor que nos fala da caída das barreiras non só do politicamente correcto senón da dificultade de defender os valores democráticos fronte ás *fascistrolls* e as novas de mentira.

Coma no poema Penélope de Díaz Castro, un paso adiante e outro atrás, "e a tea dos teus ollos non se move. / A espranza nos teus ollos se esperguiza. /Aran os bois e chove". Son as rutinas coa súa inercia, acompañadas destas voces da destra máis extrema que se ben falan de *feminazismo* (sempre chaman aos demais cos seus nomes antes de que ninguén o faga con eles) aproveitan cada dereito que a esquerda consegue coma se fose propio despois de votar en contra... iso que se chama dobre moral. Conquistas da esquerda son asumidas por eles e elas que, ao tempo, acusan quen as conseguiu de querer "patrimonializalas" (aí, reivindican o seu feminismo de escaparate, porque certamente se divorcian, abortan, casan os homosexuais ou practican a liberdade sexual... debe ser por culpa da esquerda que lles pon os dereitos á man).

Pero deixemos as controversias. O certo é que continúan a facer falla materiais que axuden no traballo da igualdade, documentación en ensaio pero tamén análise de todas as manifestacións culturais que moitas veces cargan (aínda sen querer) co lastre do machismo. O cine, a música, o humor... teñen feito moito mal, no senso de mollarnos con micro ou macromachismos dun xeito amable e silencioso, tal como unha chuvia maina que nos molla sen que nos decatemos. O amor romántico voando por un ceo azul e rosa e creando unhas expectativas que conducen a nosa rapazada a lugares dos que deberan ter fuxido hai tempo. De aí que unha organización como GALIX (sección da OEPLI e representación lingüística do ámbito galego no IBBY) leve un tempo elaborando diferentes tipoloxías de bibliografía e guías de lectura arredor deste valor democrático. Porque ela é a asociación que ten que velar polo libro infantil e xuvenil galego, ten esa manda: observar o que forma parte do sistema destinado ao lectorado infantil galego, analizar a súa situación e intervir no que sexa posible para melloralo. Nesta orde de labores estaría a colaboración en listaxes para que este libro teña a máxima difusión.

Os valores democráticos están presentes nesta literatura; non porque sexa didáctica senón porque toda literatura defende valores máis ou menos acordes coa mellora da humanidade. Pois ben, cando se trata da infantil tense máis coidado en que estes entren no abano do democrático e cívico, é dicir, téntase que non animen á violencia, que non sexan machistas ou fomenten o consumo... Isto é así porque se considera que, se ben sempre hai que ter coidado coas mensaxes que a ficción transmite, cando o fai para aqueles que aínda non teñen totalmente formado o seu pensamento, moito máis.

A Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil seleccionou unha bibliografía de libros destinada ao lectorado infanto-xuvenil, libros nos que a igualdade entre mulleres e homes era un valor presente. Foi para o XIX Salón do Libro Infantil de Pontevedra de 2018, *Mulleres de conto.* Pódese acceder a el a través da súa web.



Xa realizara libros de fichas onde, ao lado dunha selección moito máis específica xa, se elabora unha ficha de cada un deles na que se analiza o seu contido dende o punto de vista da igualdade e se propoñen actividades para realizar coa rapazada ao redor da obra. Materiais realizados en diferentes anos, 2004, 2005 – 2007, 2019 e 2020) con diferentes producións para a Secretaría Xeral de Igualdade. Todos eles se poden conseguir en papel na Xunta de Galicia ou en dixital na páxina de GALIX.

Ademais, e da miña autoría, en *pinterest* pódense atopar un par de taboleiros (*25 anos de rapazas* cunha listaxe deste tipo de libros para a infancia e *25 anos de RAPAZAS* coa listaxe para a adolescencia). Con eles quería lembrar que 25 anos antes se publicou a obra *Rapazas* de Agustín Fernández Paz. El era un mestre comprometido coa renovación pedagóxica e os valores cívicos, por iso as súas obras están impregnadas de democracia. Escribe un monllo de relatos baixo ese título, *Rapazas*, detendo a mirada sobre as diferentes discriminacións a que están sometidas as nenas polo feito de selo.



A última entrega é a Guía para persoas mediadoras de lectura (bibliotecarias, libreiras, profesorado, familias, educadoras sociais...) co título *Donas no espello da LIXG* no que se realiza unha escolla de títulos de literatura infantil organizados baixo determinadas etiquetas: "De ruptura de estereotipos" (recollendo aqueles nos que os estereotipos e roles tradicionais se ven derruídos), "De espertar" (aquelas obras que fan pensar e colocarnos fronte á alienación), "De violencia de xénero" (os que tratan este azoute social), "De mulleres senlleiras" (os que recollen biografías de mulleres que foron silenciadas por cuestión de xénero), "De diversidade" (obras nas que aparece a diversidade de todo tipo como un valor para defender), "De diversidade familiar" (facendo visible todo tipo de familias), "De diversidade sexual" (dándolle presenza a diferentes opcións sexuais máis ou menos hexemónicas), "Doutra maneira" (aqueles libros nos que a historia está contada doutro xeito, dándolle a volta, achegando a voz dos que non acostuman tela...), "Doutras latitudes / épocas" (as obras nas que se acollen historias relacionadas co papel da muller noutras civilizacións), "De autoaxuda" (libros, na súa maioría diarios, que achegan información de interese para a mocidade, entre a narrativa e o ensaio), "De versos" (para os libros de poesía que tratan esta temática), "De escena" (para os de teatro), "De cadradiños" (para a banda deseñada), "De premio" (aqueles que foron premiados nos dous certames que teñen en conta a igualdade: Premio Fina Casalderrey de Literatura Infantil pola Igualdade e Premio Agustín Fernández Paz de Narrativa Infantil e Xuvenil pola Igualdade), "De colección" (para os libros que fan parte das coleccións centradas na igualdade como "Éranse dúas veces", "Lila Lilaina", "Mulleres Bravas da nosa historia", "Mulleres galegas", "A igualdade conta", "Contos da Igualdade" e "Pioneiras") e "De serie" (para aquelas que teñen a igualdade como un dos seus sinais de identidade como "As aventuras de Nunavut", "A guerra das bruxas", "Calpurnia Tate", "Pipi Mediaslongas"...).

Con esta guía non se pretende dar por rematado o tema senón abrir novas portas á sensibilización e intervención. De novo, ademais de acceder a el impreso nas oficinas de GALIX, pódese descargar da súa páxina.

... Porque é necesario colocar os lentes lila para mirar a realidade, tamén a través da literatura.

Só Espiñeiro

Xosé Carlos Gz Añón

Os letreiros das vías están cheos de erros e ninguén responde destes desastres feitos con cartos públicos. En Padrón os carteis (da Xunta, do Concello, de colexios…) poñen **Extramundi* cando o correcto é *Estramundi*. O *San Fins* de Lousame aparece como *San *Finx* (os asteriscos marcan as incorreccións). Os castelanismos son inmensos; así, é raro vermos *viaduto* ou *leste*, senón **viaducto* e **este* (*Noia *este*, *Bertamiráns *este*…), e temos **cascos* (por *centro*, *zona*…), **vados* (polo galego *vao*) ou omisións das contraccións galegas (*Concello *de A Estrada* por *Concello da Estrada*) ás mancheas.

En Outes, hai non moito puxeron novos sinais cos nomes dos lugares e substituíron outros. Canto ó respecto á toponimia galega, en xeral vemos unha melloría, por corrixiren desfeitas como **Ceilán*, agora mudado polo correcto *Seilán* e, especialmente, por incluíren o artigo en topónimos que o deben levar.

No galego xenuíno (non castelanizado) úsase o artigo con moitos topónimos (*Estivo na Alemaña. / Foi para a China. / Veu do Brasil. / Son do Uruguai. / Pasei pola Serra. / Vive na Barreira*…). E, dentro destes, algúns teñen o artigo tan unido ó nome que fai xa parte del, sobre todo en moitos lugares da Galiza: *Os Ancares*, *A Picota*, *A Coruña*, *As Neves*, *A Serra de Outes*, *O Cruceiro de Roo*, *A Barreira*… Unha proba bastante fiábel para o pescudar é preguntarlle á xente "de sempre" como se chama o sitio. Respondería, por exemplo, *Este sitio chámase A Serra*; polo tanto, para respectármo-lo topónimo auténtico poderiamos obviar, ou non, o engadido posterior (*de Outes*), pero nunca prescindir do artigo *A* (*Veu dende A Serra de Outes*; contraído cando proceda: *da Serra*, *na Serra*…).

O feito de levaren os nomes dos lugares o artigo incorporado serve tamén, alén de para rastrexármo-la súa orixe, para evitármo-la súa perda nun galego tan asoballado polo castelán, lingua esta que os emprega menos e na cal ademais hai agora unha moda urbanita para se ignoraren completamente (*Están en *Moncloa y van hacia *Zarzuela.*).

Así que é boa noticia vermos nos letreiros das estradas, por exemplo, *A Serra de Outes*, *O Cruceiro de Roo*, *A Ribeira do Freixo*, *O Corgo*, *O Barreiro*, *A Barreira* etc.

Porén, parece que non frearon e puxeron tamén nos novos indicadores **O Espiñeiro*, cando o nome deste lugar nunca se usou, que saibamos, co artigo. Sempre dixemos *Meu pai está en Espiñeiro*; non **no Espiñeiro*. Mais rectificar é cousa sabia e agora taparon con pintura ese incorrecto **O* e deixaron só *Espiñeiro*, como debe ser (agás que se demostre o contrario, o cal vale para todo o que comentamos). Hai que felicita-la xente que manda no Concello, pois semella que foi aí onde ordenaron esa "misión especial". Malia ser unha chafullada, sempre será mellor ca deixa-la desfeita orixinal sen facer nada e, ademais, é positivo e pedagóxico vérense as correccións e o interese por que as cousas estean ben. Así pois, desta vez, parabéns.

O anterior é extensíbel a todo o relacionado coa lingua galega. Antes de publicar texto ningún cos cartos públicos, débese revisar coidadosamente a súa corrección, moito máis no caso dunha lingua tan feble como é a nosa. Ademais, no noso concello témo-la fortuna de contarmos cun Servizo de Normalización Lingüística. Con todo, de ficaren erros, sempre se deben corrixir, pois deixalos é contribuír a aniquila-lo galego. Aínda máis cando neste país temos unha especie de espiral autodestrutiva en que moita xente (en particular, curiosamente, a galegofalante de toda a vida) tende sempre a atribuí-la culpa destes desastres "ó galego", opinión, alén de lamentábel, paradoxal, porque son causados precisamente pola existencia e imposición do castelán na nosa terra e pola neglixencia e falta de coidado coa nosa lingua, o galego.

Na Barreira, alguén, imitando talvez o sucedido cos sinais de Espiñeiro, tapou cun borrancho o artigo *A* nun indicador. Porén, o nome auténtico aquí si que inclúe o artigo: *A Barreira*. E en Seilán puxeron un *C* sobre o *S*. Mal tamén, porque **Ceilán* é unha ultracorrección ou, inclusive, un castelanismo. *Seilán* non é un caso do chamado *seseo*; é así o nome galego.

Mais no concello deberían continuar revisando tódolos indicadores, xa que parece haber máis casos coma o de Espiñeiro, co artigo cando non procede (así, os que poñen **Os Canizos*) ou, máis numerosos, á inversa, sen artigo cando deberían levalo (**Castelo*, **Cepa*, **Areal*, **Torre*, os moitos que aínda hai con **Serra de Outes* etc.). Ademais, nos letreiros informativos turísticos postos nos lugares e construcións de interese vemos desfeitas "modernas" como **de Serra de Outes* (por *da Serra de Outes*) ou os menos modernos castelanismos **San Ourente* ou **Tines* en lugar dos galegos *Santo Ourente* e *Tins*. O río aparece castelanizado tamén noutros moitos letreiros e ata no nome dunha rúa; mais semella que nos últimos xa o están pondo ben, así que máis parabéns.

E aínda máis merecerían se fosen valentes, rexeitasen, de selo caso, imposicións e empregasen o nome do noso país, que é o topónimo maior e a nosa palabra máis importante, en galego: *Galiza*, forma plenamente legal; non na súa forma castelanizada, *Galicia*, por moi estendida e "oficializada" que estea.



Toponímia de orixe xermánica do concello de Outes

Joaquim Vázquez Rodríguez

A partir do século V d. C. chegan á *Gallaecia* romana as linguas de tres pobos xermánicos: os vándalos, suevos e visigodos. A influencia dos idiomas xermánicos sobre o galego foi superficial, practicamente restrinxida á onomástica. No concello de Outes consérvanse algúns topónimos de orixe xermánica procedentes de antigos nomes persoais. Todos eles teñen a estrutura *villa/ terra/fundus + antropónimo en xenitivo*. Trátase de nomes de posuidores, colonos ou terratenentes, que fundaron unha explotación rural agrícola, unha granxa ou un lugar habitado (*villa, terra*, *villar*, *fundu*, *saa*...).

Gondelle (Santa María de Entíns). Procede da forma do xenitivo do nome persoal xermánico masculino e bitemático *Guntildus-i* ou da forma feminina *Guntildi*, coa desinencia feminina *-ildi*<gótico *-hidi*`combate, loita´, que é o elemento final preferido en nomes de mulleres. O primeiro elemento da composición deriva do gótico *gunthi* ´combate´, tan frecuente no elemento determinante como no determinando. O onomástico godo está cheo de termos que se refiren á guerra e conflitos armados. Os termos máis comúns para designar a idea de combate, loita son *gunthi*e *hildi*.
Inicialmente sería unha **villa/terra/funduGuntildi*, isto é, `vila ou explotación rural de *Guntildus* (nome masculino) ou *Guntildi* (nome feminino) .

O paso de *Guntildi* a **Gondelle** explícase por evolución do u átono a o, sonorización do t e asimilación ld>ll/l.

Gosende (Valadares).Trátase dun antropónimo, isto é, do nome composto híbrido *Gaudesindus-i*, o primeiro elemento do latín *gaudium* `alegría, gozo` e o segundo elemento xermánico *sinths*`camiño, expedición militar´, que evolúe en galego desde o xenitivo a -sende ou -sindi .

Inicialmente sería unha *villa(m)/terra(m) *Gaudesindi* `granxa, explotación rural de *Gaudesindus´*.

Foneticamente explícase do seguinte xeito: monotongación do ditongo-au->o e desaparición da oclusiva sonora -d- en posición intervocálica.

Guende (Santo Ourente de Entíns). Procede do hipotético nome xermánico **Windus*, con base no gótico *winip. Inicialmente sería unha **villa(m) ou terra (m) Windi* ou *Guendi*, co elemento determinante, o nome do propietario da *villa*, procedente do xenitivo. De **Windus* tamén tiran Piel&kremer outros topónimos como Vilarguende, Quende, Guindo ou Guindes.

Guimarei (Valadares). É un topónimo que ten a súa orixe no medievo. A hipótese máis probábel é que derive dunha antiga **villa (m) Wimaredi*, que se refire ao dono do latifundio dun tal *Wimaredus*, antropónimo composto da raíz *Wim-* `loita´, `vizor´ máis o sufixo *-etu*. Nun documento portugués de data de 1084 aparece unha *villa Uimarei ´vila* ou *granxa de Vimaredus* ou *Wimaredus´*.

Co tempo o termo *villa* desaparecerá por elipse (estamos perante un topónimo integral), o fonema W xermánico evolúe a Gu-, o -d- intervocálico en posición fraca desaparece e o -i final átono cae.
Gulfián (San Cosme de Outeiro). Procede do nome persoal xermánico monotemático *Wulfila,-anis*, do gótico *wulfs* `lobo´ e o sufixo diminutivo masculino *-ila*, co significado de `lobiño´. Inicialmente sería unha *villa (m)/terra (m) **Wulfilani*/*Gulfilani*, isto é, `vila ou unidade de explotación agrícola, granxa de *Wulfila* ou *Gulfila´*. O g- de *Gulfilani* representa a bilabial xermánica -w.

Sande de Abaixo e Sande de Arriba (San Pedro de Outes). **Sande** é un antropónimo de orixe xermánica. Provén da raíz gótica *santh* `verdadeiro´ ou *sinths* `camiño, expedición militar´, pois pode haber alternancias vocálicas (Sand-/Send-/Sind). O nome foi latinizado en *Sandus-i*.

Inicialmente sería unha *villa/agru/funduSandi` unidade de explotación ou granxa de *Sandus´*.

Os **Arriba** e **Abaixo** son empregados como determinantes situacionais dos lugares; fan referencia á súa localización: de maior ou menor altitude.

Sendón (Valadares). A orixe deste nome de lugar está no xenitivo do nome persoal *Sendo,-onis*, do gótico *sinths* `camiño, expedicón militar´. Inicialmente sería unha **villa/terra/funduSendoni* `granxa ou unidade de explotación rural de *Sendo´*. Hai que ter en conta o sentido inicial de *villa* como ´unidade de explotación agrícola ou granxa`. Estas vilas co tempo vanse converter en núcleos poboacionais (por exemplo Melide<*Villa (m) Melliti*) e até en grandes cidades (como por exemplo París).



Investir. Por que? Cando? Onde?

Kiko Vidal

Investir é a verba que debemos empregar cando mercamos activos coa esperanza que incrementen o seu valor co tempo e/ou nos proporcionen rendementos en forma de pagos de xuros, alugueiros etc. Polo tanto, investir é algo máis que comprar.
Cando merco un vehículo exclusivamente co fin de desfrutar del, cando merco unha piscina para instalar na casa ou cando merco unha finca por lindar con outra que é miña pero que non teño pensado vender nin explotar de ninguna maneira, son situacións nas que estou mercando "a secas", non investindo.
Estaría investindo cando merco un piso coa idea de alugalo ou esperando a súa revalorización para vendelo cando suba o seu valor, cando contrato un fondo de investimento ou un plan de pensións ou cando merco accións en bolsa, é dicir, cando busco un beneficio monetario futuro, xa sexa vía rendementos periódicos ou incremento de capital.
Nos momentos de alta inflación, como os que vivimos actualmente, gana importancia o investimento, pois non facelo conleva a perda de valor do noso patrimonio polo mero efecto do incremento dos prezos. Sendo así, agora teriamos que estar todos investindo a tope. Pero non todo é tan sinxelo, os investimentos conlevan risco en case que tódolos casos. Poderiamos dicir que o único investimento que non ten risco é un depósito bancario de menos de 100 mil euros, pois 100 mil euros están garantidos polo fondo de garantía de depósitos (o Estado) e, aínda así, quedariamos a expensas de cambios de lexislación ou insolvencia do Estado…
Pero CANDO debemos investir e EN QUE?
En canto ao "CANDO", e co fin de mellorar a nosa saúde financeira, deberiamos pensar en investir cando temos un aforro, é dicir, "cash" superior ao equivalente ao noso gasto previsto como mínimo nos próximos 6 meses. Se non cumprimos esa premisa, mellor esteamos quietos, salvo unha excepción da que falarei máis tarde.
A cousa complícase cando falamos do "EN QUE". En artigos meus que esta revista publicou no pasado, xa teño detallado os diferentes tipos de investimento que podemos acometer, polo que non quero ser repetitivo, aínda que considero interesante falar sobre dous dos investimentos máis común. As contas remuneradas e os depósitos bancarios a prazo fixo por unha banda (investimento case que sen risco ningún sempre que non supere os 100 mil euros polo xa explicado), e os investimentos financeiros por outra (con risco máis elevado).
Dende que se empezou a falar disto da inflación, os bancos centrais están a incrementar o tipo de xuro co fin de tratar de frear o incremento de prezos, este feito fai que poidamos demandarlles aos bancos onde temos os cartos que nos paguen xuros. Desgraciadamente os principais bancos españois están pasando de pagar nada polos aforros (parece que lles sobran os cartos). Estanse a aproveitar da escasísima cultura financeira da maior parte da xente, pois os neobancos, e incluso algún banco dos grandes pola canle da internet, están comercializando contas e depósitos a prazo onde si se pagan xuros, e cada vez máis, se ben é certo que aínda non alcanzan o nivel da inflación, pero algo é algo. Ademais, en parte dos casos eses xuros páganos en contas remuneradas, é dicir, que nos permiten ter os cartos dispoñibles en calquera momento, caso no que podemos "investir" dende o primeiro euro (velaquí a excepción da que falaba no parágrafo de CANDO investir).
Por ser dos investimentos máis comúns, tamén quería dar aquí un repaso aos investimentos financeiros, os cales poden ser de RENDA FIXA e RENDA VARIABLE.
A RENDA FIXA está composta por títulos que ofrecen un rendemento coñecido no momento inicial, podendo ser un xuro fixo ou un xuro variable referenciado a algún índice (xeralmente o Euribor). O emisor deses títulos pode ser un organismo público (Estado, comunidades autonómicas etc.) ou unha empresa privada.



Imaxe 1: Logotipo do euro en Frankfurt

A RENDA VARIABLE está composta por accións de empresas. Cando investimos en renda variable descoñecemos cal vai ser o rendemento do noso investimento, pois iso dependerá da evolución da empresa na que investimos, o cal pode ser moi sensible a calquera acontecemento que poida afectarlle.
A renda variable ten moito máis risco que a renda fixa, pero esta tampouco está exenta de risco, pois pódese producir a insolvencia de calquera emisor dos títulos; ao mesmo tempo os rendementos esperados da renda fixa son moi inferiores aos

da renda variable. En calquera caso, en ámbolos dous casos existe un amplo abano de opcións que sempre cumpren a premisa de que canto menos risco queiramos asumir menor serán os rendementos esperados. Por exemplo, dentro da renda fixa temos unha ampla variedade entre a débeda pública alemá, teoricamente o activo con menos risco e que practicamente non paga nada (incluso ata hai pouco tempo cobraba), e a débeda emitida por unha pequena empresa privada de baixa calificación, a cal para poder colocar os seus títulos no mercado terá que ofertar un alto tipo de xuro (falariamos aquí de "BONOS LIXO").

Na maior parte dos casos nós non investimos directamente, non en renda fixa nin en renda variable. Non empregamos o mercado primario, é dicir, non adoitamos ir ao Tesouro directamente a mercar unha letra do tesouro nin adoitamos adquirir accións de empresas. O máis habitual é que invistamos a través de FONDOS DE INVESTIMENTO. Os fondos son un instrumento de aforro dun patrimonio colectivo formado polas aportacións dun número indeterminado de persoas, tanto físicas coma xurídicas. Ese patrimonio invístese en renda fixa, renda variable ou outros instrumentos como os derivados ou os estruturados. Xeralmente o patrimonio do fondo está formado por unha combinación de todas estas posibilidades. Dependendo do noso perfil investidor, é dicir, o noso nivel de aversión ao risco, optaremos ao fondo que mellor se adapte ao noso perfil, tendo sempre presente as dúas premisas fundamentais: todos teñen risco e canto menor sexa o risco tamén menor serán as expectativas de rendementos.


Seguro que moitos dos nosos lectores, que estaban tranquilos cos seus investimentos financeiros, pois nos bancos cos que contrataran dixéranlles que eran maioritariamente de renda fixa, viron como nestes últimos tempos os seus investimentos perdían un considerable valor. Estas perdas veñen ocasionadas polos incrementos de tipos de xuro que están levando a cabo os bancos centrais, o que fai que caian as cotizacións (é dicir, o valor) dos títulos antigos que o noso fondo tiña en carteira, pois estes rendían un xuro moi inferior ao que actualmente se pode obter. Ollo a esta peculiaridade da renda fixa que fai que a súa evolución sexa moi negativa nos momentos dunha coxuntura económica de subida de xuros como na que estamos inmersos.

Por último, non quería rematar sen lembrar o consenso que existe entre os expertos en canto a recomendar a diversificación dos nosos investimentos en diferentes sectores (nunca todo no mesmo cesto) e investir con carácter periódico e non puntual.

A diversificación axuda a reducir o risco, pois non todos os sectores económicos reaccionan igual aos vaivéns económicos. Por outra banda, se investimos todo de golpe pódenos ocorrer que entremos nun momento en que as cotizacións estean moi altas, polo que teremos máis risco (incrementado no caso da renda variable) de que baixen, mentres que se investimos pouco a pouco teremos un prezo de compra medio máis axustado ao valor real dos títulos nos que investimos.

NOTA: Nin este artigo, nin os seus datos, nin o seu contido, constitúen recomendación ningunha ou estratexia de investimento. Tanto o autor como TERRA DE OUTES (incluíndo os seus asociados e colaboradores) declinan calquera responsabilidade relacionada co uso que vostede dea aos contidos aquí publicados.

Imaxe 2. Fonte INE



A cegueira

Olalla Tuñas




Foto 1. O presidente ruso Putin asiste á cerimonia de colocación dunha ofrenda floral na Tumba do Soldado Descoñecido, no Muro do Kremlin, en Moscú, no día do Defensor da Patria. Fonte: www.publico.es 24-2-2022

"Arrepíntome de todos os anos que contribuín á túa educación". Foi a última frase que Aliona escoitou da súa avoa, que vive en Rusia. A invasión da Ucraína por parte do exército ruso comezara había un mes e a súa querida *babushka*, avoíña, respondeu así ós intentos da neta de contarlle os crimes que os rusos estaban cometendo no país irmán. Aliona faloulle das longas noites que as súas amigas pasaban en Kíiv en sotos, temendo polas vidas dos seus seres queridos. "Todo é mentira. Non quero escoitalo". A través dun longo audio de Whatsapp -esa canle tan común xa nas nosas vidas, que en ocasións nos mantén preto daquelas que botamos en falta- a avoa de Aliona despediuse dende a cidade de Ufa, a máis de 1300 km ó leste de Moscova, onde vive a familia. Descubro ó buscar a casa de Aliona que Ufa foi por un tempo a capital da República Socialista Soviética Ucraína durante a II Guerra Mundial.

A anciá faloulle nesa mensaxe do pai dela, o bisavó de Aliona, que morreu loitando na gran guerra, como lle chaman á II Guerra Mundial en Rusia. "Como podes ti apoiar os nazis?" Son moitas as persoas da diáspora rusa que se atopan con que os seus familiares na casa reciben as súas noticias sobre Ucraína coma unha afronta. Tamén lle aconteceu a Masha. Cando renunciou ó seu traballo nunha axencia de noticias rusa no comezo da invasión, súa nai, unha muller de clase acomodada moscovita, sentiu a súa dimisión coma unha traizón á patria. Non é unha esaxeración, dende o poder ruso estase a promover un discurso belicoso no que os que ousan dubidar son inimigos. Tras unha forte discusión, a nai de Masha chegoulle a dicir que era unha pena non ver medrar os seus netos. Agora falan coa condición de que nin guerra, nin Ucraína, nin Putin saian na conversa.

A avoa de Aliona e a nai de Masha cren no discurso oficial ruso sobre Ucraína que levan emitindo dende 2014 nos medios de comunicación controlados polo estado ruso. É unha narrativa que debuxa o goberno ucraíno coma un réxime autocrático, creada arredor das milicias prorrusas nas provincias do leste ucraíno, o movemento separatista no Donbás e a anexión da península de Crimea. Así, a avoa de Aliona pensa que están liberando Ucraína do nazismo e os abusos do Goberno de Kíiv sobre a poboación civil. O feito de que Putin fixese fincapé precisamente no nazismo no seu xa histórico discurso despois do comezo da invasión non é un asunto menor senón que toca a nota precisa na conciencia colectiva rusa. Tampouco é casual que falase da chamada "libertinaxe occidental" coma un mal do noso tempo. No imaxinario ruso son dous clixés asociados a Occidente. Por un lado, a xustificación da invasión pola loita contra o nazismo ten o poder de unificar de maneira transversal toda a sociedade rusa por motivos históricos, pero tamén persoais – polo menos 30 millóns de persoas rusas morreron durante a II Guerra Mundial, o que quere dicir que foron poucas as casas que non choraron



Foto 2. Unha muller ferida tras un ataque aéreo ruso en Járkov, no leste de Ucraína. Fonte: www.ambito.com 24-2-2022

un morto. E por outro, Putin gañou os apoios da Igrexa Ortodoxa e das elites ultraconservadoras durante o seu tempo no poder, que chocan cos dereitos civís occidentais. Ademais, promoveu un nacionalismo ruso unificador que se distancia na medida xusta da Revolución de Outubro, dándolle a benvida tanto a ideas da Rusia vermella coma da branca[1].

Aliona cóntame por videochamada como apenas recorda o que pasou de febreiro a marzo deste ano, só as discusións cos pais e conversas con amigos en Ucraína e en Rusia. Algúns negan o papel de invasor do seu país, outros temen ser "chamados a filas" a medida que a guerra se prolongue. "Foi e está a ser terrible". Tal é a cegueira na que viven os pais de Aliona que pretendían veranear en Odesa, coma todos os anos. A mesma Odesa que ten as praias minadas. Ó final decidiron viaxar co seu fillo menor máis de trinta horas en coche a Sebastopol, na Crimea ocupada, desoíndo as advertencias da filla dende Berlín. Mentres estaban alí houbo varias explosións causadas por ataques de "drones" ucraínos que na prensa rusa definiron coma un "aplauso" ou un "estrondo" sen explicación, porque non poden chamarlle "explosión". Aliona ten o móbil cheo de fotos da súa familia en praias desertas de Crimea.

A familia da que falo non pretende representar o fogar ruso medio. A de Aliona é unha casa de clase media-alta, na que apoian a Putin e senten certa nostalxia pola vida na Unión Soviética. O seu pai ten un negocio vencellado ó estado. A nai rexenta unha axencia de viaxes. "Olalla, meus pais son persoas intelixentes ás que quero", dime ela. Cando discute con eles, ambos din frases que coma salmos se repiten na Canle 1 rusa: "Onde estabas ti cando o Goberno ucraíno bombardeaba o Donbás?". E Aliona estaba comigo editando e publicando vídeos nunha oficina en Berlín das bombas que caían en Donetsk e Luhansk, das señoras que lamentaban a morte dun ser querido ou a miseria das súas casas. E si, Europa occidental esqueceu rapidamente que dende 2014 tiñamos unha fronte de guerra aberta ás portas, onde a xente sufría a corrupción e violencia das milicias no poder e os ataques do Goberno do seu país, que tentaba, sen éxito, recuperar os territorios perdidos.

Aquelas persoas que non comungaban coas forzas independentistas das autoproclamadas repúblicas de Donetsk e Luhansk ou as persoas con máis recursos fuxiron do leste de Ucraína en canto comezou a violencia hai 7 anos. De seguro viches na televisión historias de persoas refuxiadas que é a segunda vez que se ven expulsadas das súas casas, primeiro en 2014 e despois en 2022. Inna marchou do seu Khárkiv natal, pero non pola guerra, e agora está desprazada en Alemaña con dúas fillas. Lin a súa historia na revista *The New Yorker*[2] o xuño pasado. Sorprendeume sobre todo a seguridade coa que a nai de Inna, Svetlana, insistía en ficar na súa casa nun alto edificio "brutalista" do barrio de Saltivka, en Khárkiv, a pesar dos bombardeos rusos. O xornalista Ed Caesar recolle como Svetlana nunca celebrou a independencia de Ucraína. Dicía: "Non podiamos imaxinar a nosa vida sen Rusia. Podiamos ter a independencia no papel, pero na realidade non – nin a queriamos". Coa recrudescencia dos ataques, Svetlana comezou a recear de Rusia, pero cando finalmente conseguiron ser evacuados de Khárkiv, o primeiro que preguntou era se a podían enviar coa súa irmá e o seu sobriño a Rusia.

Aliona neste momento non pode volver á casa, a Ufa, polo seu traballo. É xornalista na canle de televisión internacional alemá *Deutsche Welle* (DW), que é considerada por Rusia un axente estranxeiro, como represalia á decisión da Unión Europea de prohibir a emisión da canle pública rusa *Russia Today* e das súas subsidiarias. Non puido asistir á voda do seu irmán maior por medo a non poder saír do país ou mesmo ser xulgada, xa que, ademais de ser xornalista, manifestou publicamente o seu rexeitamento á guerra. Agora espera pedir a nacionalidade alemá o ano próximo.

[1] Recomendo sobre este tema o documental 'Rusia, revolución conservadora', do correspondente español en Moscú, Ricardo Marquina. Podedes atopalo en YouTube.

[2] A Ukrainian Refugee's Fight to Save the Family She Left Behind, de Ed Caesar para The New Yorker

The show must go on

Crónicas de Gran Bretaña post-Brexit

Manuel do Río

Hai unha célebre frase atribuída a Abraham Lincoln, quizabes apócrifa, mais *se non è vero, è ben trovato*: podes enganar a todo o mundo por pouco tempo, e a algunha xente todo o tempo, pero non podes enganar a todo o mundo todo o tempo. Malia a súa carreira acelerada, o principio de realidade acadou por fin uns meses atrás a Boris Johnson, que acaba de facer efectiva a súa renuncia. Os ingleses desfrutan coma o que máis dunha boa bufonada, do espectáculo retórico e da pirotecnia verbal, eidos nos que *BoJo the Clown* ten máster e doutorado (quen queira desfrutar da última dose é recomendábel que vexa o seu último discurso público), mais a forza da gravidade da súa incompetencia arrastrouno cara abaixo, e temos que ter tamén en conta que no Reino Unido os partidos políticos non se caracterizan, coma os nosos, pola servil submisión cara ao líder; ao contrario, tan pronto os prognósticos electorais comezan a abalar, non teñen o menor reparo en asasinar politicamente o dirixente —e moito máis os Tories, como ben testemuñaría a finada baronesa Thatcher.

Falando da Dama de Ferro: a nova primeira ministra topa nela precisamente a súa inspiración maior. Liz Truss está chamada a exercer unha continuación das políticas anteriores, xa que é leal *to a fault* co dirixente deposto e seguidora dos mesmos principios. Non diriamos que é Boris en pantalóns senón, máis ben, en perruca, nariz vermello, maquillaxe branca, trompeta e pantalóns bombachos, o uniforme circense de todo pallaso que se prece. Dicía Marx que a historia se repite, primeiro como traxedia, logo como farsa. Neste caso, a historia inicial xa era farsa e, ao recuncar, máis vodevil.

A terceira *premier* británica en tres anos afronta os mesmos problemas que atenazan a sociedade e a economía europeas, postos en esteroides polas consecuencias do Brexit, do que é unha das ferventes defensoras. Coa inflación e os prezos da enerxía disparados e propostas neo-thatcheriás de recortar impostos e servizos e axudas sociais (inda que tamén pretenda conxelar as facturas de enerxía ata o 2024), *fracking*, máis centrais nucleares e licenzas de extracción no Mar do Norte, albíscase un *Inverno do noso descontento* que pode facer moi breves os días que lle fican ao partido Conservador en Downing Street. En todo caso, os ingleses son moi de apostas, e as casas adicadas a estes negocios xa están apostando con forza polo futuro substituto de Liz Truss, que sería, ao parecer... Boris Johnson. Serpe Ouruboros, logo como farsa, logo como farsa, e logo outra volta como farsa.



Addendum

Her Majesty has passed away. I believe it is in the Chūnqiū,春秋,where the character 崩 is used for the death of a monarch, with associated meanings of avalanche, collapse, crumbling, caving in, etc...

I am not a particularly monarchical person, but I hold a deep respect and admiration for Elizabeth II, a person who incarnated in her life and work the meaning of the word 'duty'. Besides, she has been my queen for all my life, and already was far from young the year I was born. With her goes a piece of history, both ours and mine. Or rather, I should say, herstory.

It is with great sadness and a heavy heart that we part from her today, but her memory will live on, and we may hope for the reward of her virtue as she transits from a perishable to an imperishable crown. God save the Queen!

Finou a súa maxestade. Penso que é no Chūnqiū, 春秋, a crónica chinesa das primaveras e os outonos, onde se menciona que hai un caracter que se reserva para a morte dos monarcas,崩, con significados engadidos de avalancha, colapso, afundimento, derrube...

Non son unha persoa particularmente monárquica, mais sempre lle tiven lei e respecto a Isabel II, unha persoa que ao longo da súa vida e obra encarnou á perfección o ideal do cumprimento do deber. A maiores, foi a miña raíña dende que nacín, e xa daquela, máis de corenta anos atrás, xa non era unha moza. Con ela marcha un anaco da historia, nosa e miña. Unha historia que tinxiu de feminino.

É con considerábel tristura que partimos compaña con ela, mais ficará a súa lembranza, e a esperanza, quizabes, de que os seus traballos han topar a recompensa que merecen na súa ascensión dunha coroa perecedeira a outra inmortal. Deus salve a raíña!

Siavo - Monte da Moa (O Pindo) 35 km

Xastre

O pasado sábado 9 de xullo, recordado nas memorias pois foi un día de abrasadora calor; con dicir que ás 7:00 da mañá xa dispoñiamos duns 17 graos na nosa contra, en plano, como se nada…

Parece ser que estaba o día posto para a xornada de pernas pola máis altísima xerarquía, inamovible… e pois, nada, puxémoslle empeño e pundonor e moitos "zapatos", tanto Lolo, Manu e mais eu, que, no resumo, fun o que peor levei a subida, baixada, subida… subida… Non sei, perdera a conta na primeira volta… En fin... vamos por partes, como dicía o descuartizador… Un pouco de humor negro!!

Ben, saímos de Siavo ás 7:00, como xa dixen, e comezamos o ascenso fresquiños, mais o bo dura pouco, e a medida que ascendiamos xa nos facía render o tempo, mais xa non era a primeira vez que calcabamos ese tramo, pois en anteriores roteiros xa repetiramos o comezo mais non a chegada…

Sabiamos que tiñamos que darlle duro nas primeiras horas pois contabamos, como así foi, cun día de moitísima calor e nula brisa; no seu defecto, pois non se movía unha folla, un calmeiro enfermizo e pegañento no afastamento do Tremuzo, cansado, sempre cansado no seu gatear…

O ronrrón desconcertante dos viraventos levábanos a conversas de tipo económico e non moi entendibles, pois están plagados os montes deses pescozos alados, numerados, 41, 42, 43… e seguen e seguen… Podiamos repasar os números ata o infinito.

Tras chegar ás Paxareiras, onte tiñamos idea de tomar un café, mais visto o visto a xerente do local (aínda viña da cama e non estaba para moitas lerias) serviunos uns refrescos e coa mesma abandonamos o local, pois xa empezaba a quentar o astro Sol, e aínda quedaba moito por sufrir…

Abofé que nos perdemos un par de veces, pois non nos dabamos aclarado coa ruta que nos indicaba o Google Maps, tan listo el… que estivemos cerca dunha hora, sube, baixa, baixa, sube, por alí, por alá… En fin, é a constante das nosas rutas alternativas. E sómosche moi fieis…

Chegados cerca do Fieiro, no concello de Mazaricos, aí é onde todo empezou a complicarse de veras, pois levantabas a cabeza e non vías máis





que pista ascendente, "to parriba", e pedra callada, un senfín de pedra, e máis pedra, uff, unha pasada…

O sendeiro a seguir esta sinalizado cunhas balizas, e desde el podes ollar a praia de Carnota na súa inmensidade, e máis aínda nun día coma ese todo o ceo azuliño (recordábame os ollos de miña avoa Concepción). Unha pasada!! A medida que subimos os postes sinalan os metros que che van quedando para a cima, tendo así unha referencia de que de verdade vas comendo terreo, pois a sensación é de que andas e andas e non dás chegado nunca, como se andases para atrás e costa arriba…

A mastodóntica pedra regálanos na súa ascensión unhas vistas espectaculares, pois divisas Fisterra, a praia do Pindo, a de Carnota, e se está o día limpiño podes divisar a punta do monte do Pedroso en Santiago.

A culminación da cima non foi máis que un episodio na xornada, pois inda quedaba case o peor, a baixada ao Pindo por uns camiños que foi labrando a auga co pasos dos anos e dos invernos, pois era o tal para as articulacións inferiores… Pareciamos tres pericas soltas no monte, cunha ansia de chegar a terra firme e plana, pois levábamos nas cabezas a idea dunhas cervexas frías, e case era o leitmotive que nos levaba a baixar a risco de deixarmos os dentes nos croios amorfos e gastados, doentes coma nós, mais pretéritos no tempo… Durante o descenso cruzámonos con outros valentes que andaban por alí, facendo a ascensión dende o Pindo, sen tanta reviravolta coma nós… En fin.

Chegado un momento xa non tiñamos víveres, nin auga, o máis importante, pois cada dous por tres tiñamos que mollar os labios para continuar, non parando moito tempo pois non dispoñiamos de ningunha sombra ao noso servizo…

Mais a pouco de chegar, aleluia!!, entre unha pedras na baixada un regatiño de auga fresca e movida incesante alentounos no último tramo, dándonos folgos para chegar en mellor estado á planicie litoral, tan desexada e tan afastada no tempo, pois baixabas e baixabas e non dabas chegado. É de supoñer que os graos de caloría do astro Sol, xunto co cansazo acumulado, farían tamén mella nos sentidos, que xa andaban algo atrofiados, pois xa andabamos nas catro e media da tarde, dando unha resultante de nove horas e pico no cómputo xeral da subida e posterior baixada, que non era pouco… Mais a xornada xa estaba xirada e apuntada na follas das rutas alternativas que vimos copando dende hai uns anos o grupiño de amigos que nos gusta romper o corpo unha vez ao ano... pois non fai tanto dano!! Mais aí queda!!

Ourense - Ribadavia - O Carballiño... Que máis ques?

X.M.V. Luhía-Especht

Empezamos setembro e, para os lectores que nos seguen na nosa revista, saben que toca a ruta de Ourense, os Milagres de Maceda, pois xa vén sendo habitual nos últimos exemplares, deixando boa constancia da camaradaría da que gustámo-los compañeiros de Correos, pois cada vez fraternizamos en maior número, sinal de que foi un acerto.

De primeiras, a organizadora, Xulia, citounos para a noite do venres ó sábado e déuno-la xornada do domingo de asueto, pois nos anos anteriores desvelabamos na escuridade do sábado. Todo un acerto para os nosos corpos.

No rol desta quenda, ademais "dos de sempre", como a nosa Xulia, Angie, Xosé Manuel, Esteban, Iolanda, Xosé Antonio e mais Eduardo, teriamos que engadir Xosé Manuel, home e pai de Paula e Sara respectivamente, xunto con Alberte, Cristina e Xulio. Desta vez o compañeiro Eloy non puido asistir, mais queda emprazado para a próxima.

O xa coñecido punto "xénese", Polígono de San Cibrao das Viñas, serviunos unha vez máis para dar comezo unha xornada que de seguro nos faría desfrutar de todo o que fósemos encontrando a medida que avanzabamos, pero tamén da compañía que entre todos nos iamos dando, pois compartir sería o lema perfecto desta andaina, sería un bo comezo. Como era de esperar, o itinerario foi pura simetría dos anteriores, pois non queda outra ruta para chegar ó destino final, mais, habendo xente nova no grupo, o cambio foi considerable. Algo é algo!

Non se pode pecha-lo espírito a un intuitivo presente, vixilante e poderoso que nos atrae sen remedio nas nosas conciencias, tomando un valor existencial, case transcendente, sen dúbidas e tamén coa mesma non acomodándonos na confianza preguiceira na que ás veces pode dexenerar na propia intimidade… na nosa alma atlántica.

Desta vez saímos con algo de máis de luz e conseguimos desfrutar un pouco máis da visión a medida que avanzamos, espertando os ollos a estética paisaxe galega, tan nosa, tan sentida, tan chorada tamén... Un ideal romántico envólvenos nas breves conversacións que imos tento entre nós, dando fe dun vivir imperativo das conciencias, dando lugar a visións novas, con nova luz e responsabilidades que asumir, con xenerosidade galega.

Como xa ocorrera na vez anterior, arredor das 10 da mañá estabamos tomando os cafés no bar Plazaola, no concello de Baños, lugar de Almoite, onde amablemente a señora nos deixou constancia do noso paso por alí cunhas fotos *po* recordo. En breve





apareceu o seu home, quen se acordaba de nós polo ano pasado. Moi empáticos os dous. O camiñar trae amizades recorrentes e sans. Ganamos todos.

Son dos que pensan que estas andainas grupais tamén tratan de pór en marcha o corpo, e maila alma tamén, pero por riba de todo a vida, coas súas esperanzas, esa harmonía que nos envolve, como un novo credo por aprender, unha terapia que fortalece a camaradaría entre todos nós, como un poema de sombras, mais como irmáns que se encontran despois de moito tempo. Resóame na cabeza Miguel Costas cantando "Miña terra galega, donde el cielo es siempre gris"… en fin, cousas miñas, pois ando algo tocado!!

A medida que os pasos nos van levando polas distintas paisaxes que encontramos, coa diversidade de formas, cheas dunha luz no tempo que toca, dona perpetua da súa memoria solemne, impaciente no seu ritmo mainiño e por veces potente, cheos de paixón pola nosa terra, actual e pretérita que xorde das sombras, das lembranzas ou das mesmas ruínas, exemplos dunha beleza fermosa por desfrutar… tan calada.

Durante a xornada, tanto o Sol coma unha breve brétema que molla mostráronnos intres de paixón e sentimento, ollos de labregos con esperanzas de mariñeiros, como forma perfecta do horizonte, tan lineal, mais o corazón navega entre triunfos de amor en mares de esperanza futura, e nin así…

De seguido, damos con paisaxes de montaña quebrada, sumando unha sinxela liña de cores e deixando que a imaxinación xogue cos grises, azuis, cos distintos ollares.

Avanzamos nun latexar continuo en diferentes escalas , confluíndo nos ritmos e expresións, cavilando noutras relacións lixeiramente de máis pensamento que obra, camiñando coa ilusión de irmos creando para nós mesmos un pracer ou saudade da nosa melancolía á que xa lle puxen nome!!

No percorrido seguimos enmarcando na nosa visión os fantasmas de pedra coas ideas e sentimentos que en nós poden espertar, lembranzas, vivencias, experiencias da cosmicidade do ceo. As distintas formas lévannos a interpretar libremente o que nos din a cada un de nós, vividas conforme a nosa personalidade, adornándoas coas metáforas escollidas, tan necesarias para non andar polo mundo perdidiños de sentido e sentimentos, mais aínda así…

Como en anos anteriores, unha capa asfáltica en pretérita ascensión levounos por distintas toponimias, que veñen sendo recorrentes nesta etapa sempre na estrada Ourense-Verín, N-525, por Noalla, Figueirido, Caxamonde, Taboadela, A Piuca, Almoite -onde o café- e seguindo por Solbeira, Siabal, O Picouto, Saguñedo, Brandín e rematando en Baños de Molgas.

Un ollar atento recolle na memoria a beleza das composicións de granito que imos atopando, proba en si da riqueza da que somos agasallados co noso paso discorrido e lento, mais a terra como condición da paisaxe galega non perdeu a súa grandeza e dignidade que lle deben os tempos… vai con nós pasiño a pasiño, e coa mesma iamos chegando…

Non deixei de molla-las mans na auga quente das termas, que segue expulsando a fartura do fondo da terra, fumeando día e noite, día tras día, incansable… *por século seculórum*… impresiona!

Tras asistir á Santa Misa, que nos pareceu interminable, pois o cansazo nas pernas dificultaba a postura ergueita, demos paso á ofrenda á Santiña, recolocámonos de seguido no exterior e, mentres que uns ían busca-los coches ó punto de saída, os restantes fixémonos cargo da espera cunha cervexiña á sombra, pois o día quedara bo. Diremos que xa tiñamos entre nós a Paula, Sara, Otilia e Conchi, a expedición ó completo.

Cando volveron os coches, fomos directos ó restaurante A Quinza, en Ribadavia, onde comemos pausados e famentos, pois había que recupera-los folgos. A pesar de chegarmos con algo de demora, moi ben!

Satisfeita a conta, dirixímonos ó último destino, para tomármo-la penúltima antes do regreso a Santiago, e fomos dar a un fermoso escenario, O Muíño do Anxo, no Carballiño, no Parque Etnográfico do Arenteiro, digno de visitar, pois fainos revivir tempos pasados, duros, cheos de traballos, onde departimos un bo rato antes do retorno, arredor das sete da tarde, pondo remate a unha nova xornada merecedora de dúas paxinas na nosa revista, mais, iso si, sempre agradecido, máis que pola viaxe, pola compaña.



Salobreña,lugar de turismo e memoria

María Paz González López

Salobreña é unha bonita vila da curta costa "granaína". Recentemente, durante o proceso electoral da Comunidade andaluza, ocupou os medios de comunicación porque foi o lugar "escollido" por Macarena Olona para empadroarse (non parece que de forma moi legal) e poder así presentarse como cabeza de lista polo partido de ultradereita Vox. Afortunadamente, despois de recibir un pau nas eleccións malia disfrazarse de andaluza de pro, xa debe estar de novo establecida en Madrid, unha cidade "libre" máis acorde coas súas expectativas vitais que a pequena Salobreña. Pero que Olona xa non sexa "unha máis" dos case 12.500 habitantes do municipio non lle resta atractivo, máis ben o contrario.

O principal núcleo de poboación do municipio sitúase na costa, nun outeiro que no pasado foi illa e que actualmente está coroado por un castelo de época nazarí (séculos XIII-XV) que domina o val do Guadalfeo e a súa desembocadura no Mediterráneo. Precisamente as achegas de sedimentos que o Guadalfeo arrinca ao longo dos seus 71 km de percorrido desde o seu nacemento en Serra Nevada, foron os que uniron a illa á costa e posteriormente modelaron un delta na desembocadura. Desgraciadamente, o aumento do nivel do mar polo incremento do efecto invernadoiro e a construción dunha presa no curso do río están producindo a regresión do delta, o que supón unha gran perda tanto no ámbito ecolóxico como social e económico.

As casas brancas esténdense gradualmente polas ladeiras do cerro que miran cara ao leste e ao norte, mentres que as do sur e do oeste están espidas de pegada humana porque son demasiado escarpadas. Esta conformación fai que a vista da vila sexa totalmente distinta dependendo desde onde a miremos: desde o núcleo veciño da Caleta ou desde as praias veremos uns cantís abruptos rematados por un castelo inexpugnable; desde a estrada que se dirixe a Motril, un fermoso e harmonioso conxunto arquitectónico de casas brancas. Pero mirando cara ao norte desde calquera punto, sempre poderemos admirar a maxestosa Serra Nevada, o macizo do sistema Penibético no que se alzan algúns dos cumios máis altos da península Ibérica: o Mulhacén e o Veleta. No inverno e na primavera é realmente delicioso observar as súas montañas cubertas de neve mentres gozas dun precioso día de sol e das suaves temperaturas que caracterizan a zona, non sen razón recibe o nome de "costa tropical".



Azucarera del Guadalfeo

A vila vella medrou cara ao val do río e máis recentemente cara ás praias, onde se construíron un montón de urbanizacións que ofrecen aos turistas chalés apegados ou apartamentos na primeira liña da costa. Aínda que as construcións non son tan cativas (por non dicir "feas") como as do concello veciño de Almuñécar, a presión urbanística rompe gran parte do encanto do que debeu ser unha costa realmente espectacular. O equilibrio entre desenvolvemento económico e natureza sempre foi difícil e sempre perde esta.

O río Guadalfeo é o límite co concello de Motril, o principal porto da provincia de Granada. O seu fértil val está adicado fundamentalmente ao cultivo de froitas tropicais: aguacate, mango, guaiaba e chirimoia, introducidas nas décadas dos sesenta e setenta do século pasado. A chirimoia ten denominación de orixe protexida ("Chirimoya de la costa tropical de Granada-Málaga") desde 2002. Pero, no pasado, a cana de azucre foi o principal cultivo na veiga do Guadalfeo. Esta gramínea, que asociamos sobre todo con América do Sur, procede en realidade de extremo Oriente, foi introducida en Málaga e Granada no século IX polos árabes e viaxou desde alí ata América na segunda travesía de Colón.

No ano 2006 pechou o último "enxeño" azucreiro que quedaba na península: Azucarera del Guadalfeo. O edificio, aínda en pé no barrio La Caleta de Salobreña pero sen actividade, está catalogado como Ben de Interese Cultural de Andalucía. A diminución da produción de cana polo cambio nos cultivos e pola presión urbanística obrigaron o peche. En Youtube están dispoñibles dous interesantes documentais sobre o pasado azucreiro da zona, un sobre a "zafra" (a colleita da cana) en Salobreña: "La zafra de la caña de azúcar en Salobreña" (1991) e outro sobre a última azucreira: "Caña de azúcar en Andalucía, la última cosecha" (2006). Na actualidade, aínda se cultiva cana para autoconsumo ou para o turismo agroecolóxico e en todos os bares andaluces pode probarse unha das tapas estrela: a berenxena con mel de cana.

Na actualidade, a economía do municipio está sostida, ademais de pola agricultura, polo turismo. As praias ocupan unha extensión de 6 km ao longo da costa e, malia que son praias pedregosas, como a maioría das praias da zona, están sempre moi concorridas. Un petón rochoso, "El Peñón", divide as dúas de maior lonxitude: La Guardia e as Praia da Charca e Salomar. Na actualidade, o Concello e a Universidade de Granada están desenvolvendo un plan para rexenerar a flora autóctona das praias e dos regatos que desembocan nelas que inclúe visitas guiadas coa finalidade de dar a coñecer o seu valor ecolóxico e paisaxístico.

En maio deste ano, Salobreña foi declarada "Municipio turístico de Andalucía", unha cualificación que implica que o concello ofrece recursos de interese e que conta coas infraestruturas axeitadas para atender os visitantes. E certamente cumpre os requisitos.

Podemos percorrer as empinadas rúas da zona antiga que, aínda que pequena, é acolledora, e visitar os seus dous principais puntos de interese: a igrexa da Nosa Señora do Rosario, de estilo mudéxar (s. XVI), e o castelo, que paga a pena, ademais de polo seu propio valor


Inauguración monumento homenaxe a Norman Bethune. Febreiro 2022

histórico e arquitectónico, porque ofrece unhas vistas espectaculares de toda a contorna.

Podemos ir ás praias e desfrutar dunha auga limpa e cunha temperatura apetecible para o baño, practicar distintos deportes acuáticos ou mergullarnos para observar a flora e fauna dos fondos mariños e despois tomar algo ou comer nos numerosos "chiringuitos", bares e restaurantes que se concentran nos arredores do Peñón.

Podemos ir ao barrio da Caleta, onde hai varios bares nos que se mestura poboación local e turistas creando un ambiente moi agradable e nos que a primeiros da primavera sorprenden cunha tapa de fabas de maio tenras para comer crúas (convén mirar como as comen os entendidos para non quedar como ignorantes). Desde a Caleta podemos coller un camiño que discorre polos cantís, nos que adoita concentrarse moita xente para pescar, e acceder a varias pequenas calas formadas entre eles.

Tamén podemos achegarnos á desembocadura do río Guadalfeo, no outro extremo da vila, cruzar o río cara ao leste e pasear por xunqueiras e canaveiras onde habitan moitas aves típicas de zonas húmidas. Alí está a praia Punta del Río, frecuentada por surfistas cando as condicións son axeitadas.

Pero ademais do interese turístico, Salobreña tamén ten interese histórico porque, desgraciadamente e como case calquera currucho de España, sufriu a violencia exercida polo exército de Franco durante a sublevación contra o Goberno da II República. En febreiro de 1937 foi escenario dun tráxico episodio onde morreron miles de civís, sobre todo mulleres, anciáns, nenos e nenas. Foi, quizais, o máis dramático dos ocorridos na coñecida como "Desbandá", un dos maiores crimes contra a poboación civil perpetrados polas tropas franquistas e que, a pesar de ser un dos mellor documentados, non foi declarado Lugar de Memoria Democrática ata marzo deste ano, iso si, coa abstención do PP e os votos en contra de Vox.

A "Desbandá" é o nome polo que se coñece a marea humana que, ante a inminente ocupación da cidade polo xeneral golpista Queipo de Llano, fuxiu desde Málaga pola estrada que se dirixe a Almería. Unhas 150.000 persoas indefensas e aterrorizadas polos salvaxes discursos que profería o xeneral desde Radio Sevilla, nos que arengaba as súas tropas e as animaba a cometer violacións e asasinatos, foron masacradas desde o aire, desde a terra e desde o mar. Desde o aire pola aviación italiana, desde terra por tropas regulares e desde o mar por buques da Armada, como o "Crucero Baleares", ese que daba nome ata non hai moito á Universidade Laboral de Culleredo e ao que recentemente Almeida honrou cunha rúa de Madrid. Estímase que morreron arredor de 5.000 persoas, moitas delas na desembocadura do Guadalfeo onde, atrapadas entre dous lumes e coa ponte que o cruzaba destruída, trataron de escapar remontando o río e pereceron afogadas ao seren arrastradas pola corrente. Este punto está recoñecido como Lugar de Memoria Histórica de Andalucía desde novembro de 2014.

Este ano tiven a sorte de participar nun dos actos da marcha pola estrada Málaga-Almería que a Asociación L**a Desbandá organiza desde 2005, para recuperar verdade, xustiza e reparación, como din na súa páxina web. O 6 de** febreiro inaugurouse un monumento na desembocadura do Guadalfeo como homenaxe a Norman Bethune, un médico canadense que non só auxiliou e trasladou centos de refuxiados na súa ambulancia ata Almería, senón que deu a coñecer a masacre coas súas fotografías e o seu relato do vivido na publicación "El crimen de la carretera Málaga-Almería". O monumento recrea algunhas das fotografías de Bethune. O emotivo acto, no que participou mesmo un supervivente do xenocidio, rematou co monumento e o río cubertos de caraveis en recordo das vítimas.

Tamén nesta marcha se homenaxeou o galego Anselmo Vilar García, o fareiro de Torre del Mar que apagou as luces do faro durante as noites do 6 e 7 de febreiro para protexer as persoas que fuxían e que foi fusilado por "semellante crime" o 9 de febreiro. Unha historia de heroicidade coñecida desde hai pouco grazas ao xornalista e investigador Jesús Hurtado Navarrete, que comeza tamén agora a aparecer na prensa galega.

Natureza, patrimonio artístico e cultural, sol e praia, gastronomía e memoria histórica son algúns dos ingredientes polos que paga a pena coñecer Salobreña. Aínda que a min me quedan moitas cousas por descubrir, espero ter contribuído a espertar a vosa curiosidade por este currucho non tan coñecido da costa andaluza e convídovos a que veñades visitalo, sobre todo agora que é improbable toparse con Olona!


Salobreña desde La Caleta. Azucreira á esquerda

Retornando á Irlanda
(de visita)

Alba Calo Blanco

Sen dúbida, o verán, debido ó bo tempo e ó costume de coller vacacións, é unha tempada que nos invita a viaxar. O pasado xullo tiven a oportunidade de retornar á Irlanda, e máis concretamente a Maynooth, unha pequena cidade a 30 km de Dublín na que pasei un curso estudando grazas ó programa Erasmus+. Para todos aqueles estudantes que decidiron realizar algunha clase de mobilidade durante o curso 2019/2020, a experiencia seguramente quedou marcada pola chegada da COVID-19. No meu caso, como apuntaba nos números 49, 50 e 51 desta mesma revista, a miña estancia no estranxeiro viuse, efectivamente, interrompida no mes de marzo, no que volvín á casa debido á crise sanitaria mundial que comezaba naquel momento. Dende entón, esta foi a primeira oportunidade que tiven de regresar, dous anos despois, coa sorte de aloxarme na mesma casa e coas mesmas persoas coas que convivín durante sete meses. A seguir, introducirei algunhas das reflexións que me viñeron á cabeza durante estas vacacións, co risco de que o lector, despois de tres artigos xa sobre o tema, quede aburrido deste país que, ó meu ver, merecería polo menos tres máis.

Unha cousa curiosa (e que me resulta emocionante ou fatídica, dependendo do momento) é o que me gusta chamar "gañar ou perder tempo viaxando". Debido á hora de diferenza que hai entre a Irlanda e España (isto en realidade é aplicable a calquera lugar nun fuso horario diferente do noso), cando realizámo-lo traxecto Santiago – Dublín gañamos unha hora. Isto é, o tempo do voo son dúas, pero ó chegar será como se só pasara unha debido ó retroceso que debe face-lo noso reloxo. Pola contra, a temida volta Dublín – Santiago farase eterna, pois, aínda que a viaxe son só outras dúas horas, terémo-la sensación de que pasaron tres.Para enlazármo-los cambios horarios e a viaxe en avión con outros temas do transporte, en dous anos ós irlandeses deulles tempo a cambia-los números das liñas de autobús, polo que, se tamén estabas familiarizado con eles, deberías volver a revisa-los traxectos. O que seguen mantendo é, en moitas das cidades e vilas, especialmente dos arredores da capital, un carril reservado para os autobuses nas estradas principais e autoestradas. Ademais, mentres que na nosa terra as máscaras aínda son un recordatorio de que o coronavirus segue presente (como mínimo) no transporte público, na Irlanda xa non é obrigatorio levalas. Isto implica subirmos ó bus sen elas, si, pero tamén que moitos turistas se sorprendan cando as auxiliares de voo os informan de que deben poñela ó chegar ó avión que se dirixe á Galiza.

Probablemente a razón principal pola que me sinto tan ben na Irlanda é a súa similitude cultural coa Galiza. As raíces celtas de ámbalas nacións saltan á vista ó pouco de chegar e a súa posición no mapa fainas irmás, aínda que coas súas diferenzas. Destacarei nesta ocasión a música e os bailes tradicionais de ámbolos países. Xa hai uns meses, nas actuacións previas á final do concurso da Eurovisión, recibín moi bo *feedback* pola vía telemática da proposta que defendían as Tanxugueiras. A xente coa que manteño o contacto sorprendérase de que esa fose a música galega actual (lembremos que a idea de España dos irlandeses redúcese bastante á Costa do Sol). Pois ben, ultimamente afeccioneime a asistir a algunha que outra foliada e cheguei a Maynooth cun par de cancións novas que ensinar (entre as que destaco especialmente *Monte Viso*). Nada máis comezar a soar, os comentarios foron "non pode ser, pero se isto é música irlandesa!". Algún melómano xa me dixera anteriormente que coñecía un grupo galego chamado Milladoiro e que acostumaba escoita-la súa música en Spotify.

Esta semana que pasei alí puiden quitar unha espiña que me quedara cravada pola chegada da COVID-19. Visitei por fin a rexión de Connemara, un parque nacional de natureza salvaxe e vasta. Alí poderedes desfrutar da verdadeira esencia irlandesa, iso que todos imaxinamos cando nos falan da illa esmeralda. Non



A miña antiga universidade


Paisaxe de Connemara

é doado chegar ata alí nin moverse polo lugar. Hai excursións planificadas dende Dublín e Galway que, como última opción, vos darán unha idea do que pode chegar a se-lo oeste. O ideal sería alugardes un coche ou unha bicicleta e explorardes ó voso ritmo, sen présa e parando cada vez que a paisaxe vos roube o alento (é dicir, cada poucos metros). Non obstante, para estas opcións é preciso lembrar que na Irlanda se conduce pola esquerda e que as calzadas das que estamos a falar, aínda que ben asfaltadas, son especialmente estreitas e sinuosas. Iso si, paga a pena reservarlle un tempo para visitala e face-lo esforzo de condución. Nos anos sesenta, antes desta gran globalización que ocupa os nosos días, este acostumaba se-lo lugar de vacacións dos irlandeses. Alí poderedes atopar xente que aínda fala gaélico (e, segundo me explicaron, o vello e verdadeiro gaélico, non o que se ensina hoxe en día na escola, sexa cal sexa a diferenza entre ambos). Algúns sinais incluso están exclusivamente en irlandés, polo que será unha experiencia de inmersión completa. Non vos preocupedes se non entendedes, probablemente un dublinés tampouco o faga. Este non sería un artigo sobre a Irlanda se non falásemos do tempo. O clima irlandés é unha das miñas cousas preferidas, eu que sempre tiro ó norte. Este retorno ó segundo fogar tivo lugar durante unha destas ondas de calor que nos asolou en xullo. *Irlanda is different*. Mentres que aquí pasabamos dos 30ºC, alí as temperaturas eran moito máis moderadas, con máximas de 22 ou 25 graos, e mesmo cun día de choiva. Un perfecto descanso deste verán tan atípico que estamos tendo na Galiza. Sempre digo que o país da Guinness sería un lugar perfecto ó que mudarse para vivir unha longa tempada, moi similar á nosa terra en demasiados aspectos e con xente marabillosa (tan ruidosa coma nós, non sei por que se me esquecera isto), de non ser polo sistema sanitario (que aínda hoxe en día non comprendo moi ben e que merece todo un artigo á parte) e polo odioso costume de ter dúas billas para a auga no lava-mans (unha para a fría e outra para a quente) en lugar de regula-la temperatura e ter un só chorro.


A abadía de Kylemore, o centro de Connemara

Entrevista a...
Fernando Gallego

Fernando Gallego naceu en Pontevedra en 1973. Estudou no instituto Valle-Inclán e despois Química en Santiago, carreira que abandonou para interesarse pola fotografía, o deseño, a arte... ata dedicarse finalmente á profesión do seu propio pai, que posuía un taller de xoiaría na súa cidade natal e con quen aprendeu xa desde neno as técnicas elementais do oficio: soldaduras, engarzamentos, pulido, corte de pedras preciosas... Pero en Santiago coñeceu a súa actual esposa, Paula Iglesia, nacida na Arxentina de pais galegos que retornaron a Galicia cando ela aínda era nena, mais traendo consigo o seu inconfundible acento porteño xunto cun gran encanto persoal e con quen forma a sociedade *Fernando Gallego* xoieiro artesán.

Cóntanos como viñestes parar á Serra de Outes.
A nai de Paula era de aquí, concretamente do Cruceiro de Roo, e Outes gustounos para empezar cunha modesta xoiaría. A Serra é a capital dun concello relativamente grande no que non había ningún establecemento deste tipo. Por outra parte é un lugar moi tranquilo e dotado dunha paisaxe tanto de mar como de montaña de gran beleza, apenas contaminada, que nos encanta, polo que xa ficamos aquí para sempre.

E dunha modesta xoiaría local pasastes a traballar para toda Galicia.
Ao principio os clientes eran do contorno máis próximo. Logo empezaron a vir de Esteiro e Noia e cada vez de máis lonxe: Ribeira, Santiago, A Coruña… ao difundirse a calidade dos nosos produtos, pero creo que o maior éxito se debeu á orixinalidade dos deseños, aínda que tamén aceptamos labores de restauración de xoias que para os seus propietarios teñen máis valor sentimental que o metal en que poidan estar feitas e para min representa unha satisfacción enorme que me permite desfrutar da mesma emoción que sente unha persoa cando loce de novo unha xoia familiar que lle permite revivir recordos vencellados a ela.

Logo xa veu a distribución internacional
As vantaxes que representa a Internet para o comercio, a estas alturas, son sobradamente coñecidas, aínda que non todo o mundo sabe explotalas. Nós temos unha páxina web que é o noso escaparate internacional e como todo escaparate debe ser atractivo, estar ben coidadoe ofrecer novidades. De maneira que esa páxina da Internet se está actualizando permanentemente e eu mesmo me encargo do seu deseño e das melloras que cómpre ir introducindo. Isto permítenos chegar a mercados nos que atopamos gran demanda: Madrid e, sobre todo, no Levante (Valencia, Barcelona, Baleares…), onde vendemos cunha frecuencia sorprendente, tendo en conta a falta de contacto directo. Agora mesmo vendemos nos lugares máis remotos: os Estados Unidos, a Alemaña, Nova Zelandia inclusive.
E desde logo as redes sociais, nas que as celebridades (actrices como Cristina Castaño, modelos como Mar Flores ou escritoras como Espido Freire) exhiben os nosos produtos, dannos repercusión mundial, porque todas elas teñen millóns de seguidores.

Hasnos explicar a clave do éxito
Por unha parte a clave está na calidade, non en van somos un dos poucos establecementos galegos adicados á artesanía distinguidos co selo de Galicia Calidade, para o cal debemos ofrecer altos niveis de perfección nos acabados, materias primas sen defectos, inclusive os estoxos deben manter certa categoría e, por outra parte sinceramente, creo que a clave esencial é a orixinalidade. Teño por seguro que a xente vén a Outes non a comprar unha xoia, senón unha xoia de Fernando Gallego, que saben que é orixinal, que non hai outra igual. Orixinalidade nos deseños dos que tamén participa a miña muller, por iso quero deixar constancia de que as pezas levan o meu nome pero son resultado dun equipo que formamos ambos: non hai un só produto que non leve a participación de Paula en forma de ideas ou de melloras na elaboración, porque está dotada dun gusto exquisito e, desde logo, non sae nada do taller sen a súa conformidade final.

Fálanos algo deses deseños propios
Temos dúas liñas fundamentais de produción. Unha é a de pezas, basicamente aneis, inspiradas na natureza, sexa pola forma ou polas cores, como o anel do Tremuzo. Outras veces a inspiración vén do cine, como o anel Kubrick, que recrea a famosa nave espacial da película 2001 Odisea no espazo. Noutras ocasións a inspiración vén da arte, a paleta de Kandinsky engarzada en ouro, diamantes e esmeraldas, ou as liñas da Casa da fervenza de Frank L. Wright, por exemplo, que lle dan un aspecto moi moderno aos nosos deseños.
A outra liña de produción é a que denominamos **Colección Antiques**, froito da miña paixón pola historia, feita con antigüidades, para o cal nos provemos de anticuarios de recoñecido prestixio de Madrid, Londres ou Múnic que nos subministran pezas antigas: moedas romanas, gregas ou hispanoárabes, frechas persas, amuletos exipcios, ídolos neolíticos... sempre xenuínos e acompañados de certificados de autenticidade que, provistos das necesarias molduras, colgantes ou cadeas de ouro,


Anel chamado Foster, inspirado no edificio The Bow, de Norman Foster

se converten non só en xoias únicas, senón tamén en pezas cargadas de historia.

Unha delas precisamente nola encargaron da Inglaterra a través da nosa tenda virtual; trátase dun colgante cunha punta de frecha da época de Alexandre Magno montada en ouro que nos pediron dos estudos Pinewood de Cardiff para unha serie británica de moito éxito, *A discovery of witches*, que loce a actriz protagonista (Teresa Palmer) e que ten un papel decisivo nos capítulos finais,o cal nos deu moita visibilidade internacional.

Polo cal vos acabaron chegando os premios

Un galardón que nos deu enorme prestixio, porque é un certame ao que se presentan xoieiros de todo o mundo, foi o Madrid-Joya Designers en 2019. Pero particularmente fíxome máis ilusión e produciume maior orgullo a participación na Muestra de Joyería Contemporáneaen 2020, na que se seleccionaron 30 xoieiros de todos os continentes e na que o xurado fixo unha mención especial das pezas que nós expoñiamos e que consistiu nunha exposición individual no Museo de San Isidro (Museo da Historia de Madrid).

E recentemente o recoñecemento por parte dos máis afamados chefs

Si, o pasado día 1 de agosto, en Negreira. Foi o resultado dun encargo do propietario da Casa Barqueiro, de Negreira, a onde acoden por razón de amizade os máis reputados cociñeiros. Nesta ocasión o anfitrión reuniu 23 chefs con estrelas Michelín: Arzak, Berasategui, Yayo Daporta, Lucía Freitas, Ángel León, os irmáns Torres… para todos os cales o organizador nos encargou un broche conmemorativo co que os agasallou e dos que recibimos unhas felicitacións moi satisfactorias, porque para min, como ourive, foi unha honra deseñar e realizar o broche que conmemorou esta edición de Estrelas Solidarias no Camiño de Santiago 2022: unha homenaxe dun oficio milenario a outro, xa que buscar o belo e o pracenteiro é un camiño que nos une, defínenos como humanos e, sobre todo, fainos máis felices.



Pin Estrelas no Camiño



Fernando Gallego coa súa dona e colaboradora Paula Iglesia

Submisión química

Dr. Xosé Mª Dios Diz

Nos últimos tempos estamos asistindo a diferentes noticias de "picaduras", sobre todo a mulleres novas, que se producen en lugares moi concorridos: concertos, discotecas etc. O termo de submisión química vén definido no Protocolo da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas como "a administración de substancias psicoactivas a unha persoa con fins delituosos ou criminais, co obxectivo de provocar unha modificación no seu grao de vixilancia, consciencia e capacidade de xuízo".

As drogas utilizadas son o alcol etílico, benzodiacepinas (Flunitrazepam, Lorazepam e Alprazolam), hipnóticos non benzodiacepínicos (Zolpidem), cánnabis e derivados, alcaloides tropanos (escopolamina -burundanga-), analxésicos ou anestésicos disociativos (ketamina, fentanilo…), barbitúricos, ácido gammahidroxibutírico/éxtase líquida e drogas de abuso (opiáceos, cocaína, LSD e derivados alucinóxenos, MDMA).

Estas substancias non dan olor, cor nin sabor ás bebidas; fan efecto a doses baixas e poden confundirse cunha intoxicación etílica ou cunha enfermidade e así non levantar sospeitas. Afectan o estado de conciencia de forma rápida e prolongada, provocando un grao de amnesia anterógrada, co cal a vítima non lembra con exactitude o sucedido, o que dificulta a investigación ante a imposibilidade de achegar datos e detalles.

Para que se utiliza? Para cometer actos delituosos variados como roubos, homicidios, abusos sexuais ou sometemento de poboacións vulnerables a cargo, como nenos e anciáns. Nos homes, a submisión química está máis relacionada con roubos e, nas mulleres, con delitos sexuais.

Que síntomas presenta unha persoa que foi sometida á submisión química? Ten moito sono; cústalle moverse; dóelle a cabeza; náuseas e vómitos; visión borrosa; oe ou ve cousas raras; non recorda ben as situacións previas e non sabe o que lle pasou nas últimas horas; fáltalle a roupa ou tena mal posta; aparece nalgún lugar ó cal non sabe como chegou; está con descoñecidxs; as amizades ou testemuñas din que se "comportou de forma rara" ou que "non bebera tanto como para se emborrachar".

A diagnose é moi difícil, pero temos referencias: "recordar" ou "nota-la sensación" de ter mantido relacións sexuais e/ou ser vítima dunha agresión sexual, lesións no corpo (zona xenital), presenza de fluídos descoñecidos (seme), presenza de "flashbacks", amnesia total ou parcial, sensación de desconcerto e sentimento de culpabilidade polo suposto consentimento (ou non) da relación, desproporción entre o que a vítima bebeu e como se encontra ou do que se acorda.

XVII XORNADAS DE INFORMACIÓN SOCIOSANITARA E II XORNADAS DO PROGRAMA UNIVERSITARIO DE MAIORES EN OUTES. IV CICLO DA USC. OUTUBRO 2022 A MAIO 2023.

ENVELLECEMENTO ACTIVO, IDADISMO, SOIDADE….
José M.ª Failde Garrido. Dr. en Psicoloxía pola Universidade de Compostela e Presidente da SGXX. 27 de Outubro 2022

COMO ESTÁ A PEDIATRÍA A DÍA DE HOXE
Marian Rodriguez Blanco. Pediatra no Hospital de Barbanza. 24 de novembro 2022

VACINACIÓN DO PAPILOMA EN VARÓNS E A POLIOMIELITE E O SÍNDROME POSTPOLIO.
Ángel Lado Llerena. Médico especialista de AP de Outes. 15 de decembro 2022

O TRATAMENTO QUE FAI A PRENSA DO TEMA SANITARIO
María Obelleiro Hermida. Licenciada en Xornalismo pola USC e Graduada en Educación Primaria. Directora do periódico Nós Diario. 26 de xaneiro 2023

DEMOGRAFÍA E FUTURO DA SOCIEDADE GALEGA
Antía Pérez-Caramés. Profesora de Socioloxía na Universidade da Coruña e Isidro Dubert. Profesor de Historia na Universidade de Santiago de Compostela. 23 de febrero 2023

DESDE OUTES DIETA ATLÁNTICA
Flor Dios Villameá. Licenciada en Medicina pola USC. 30 de marzo 2023

CANCROS QUE VEÑEN DE FÓRA? O VIRUS DO PAPILOMA E O CAMIÑO PARA COMPRENDELOS
Prof. Dr. D. Jorge Mira Perez. Catedrático de electromagnetismo do departamento de Física Aplicada da USC. 27 de abril 2023:

CLAUSURA DO CICLO ENFERMIDADES E MEDICINA NA VIDA E NA OBRA DO POETA DE OUTES FRANCISCO AÑÓN
Ramón Blanco Fernández. Licenciado en Filoloxía Galega e Profesor no IES As Insuas de Muros. 25 de maio 2023

ÁS 18:30 HORAS
NA CASA DA CULTURA DA SERRA DE OUTES

O sistema sanitario ten un protocolo de actuación integral nestes casos, entre os servizos asistenciais do Servizo Galego de Saúde, Traballo Social, as Forzas e Corpos de Seguridade, o Instituto de Medicina Legal e a área sanitaria correspondente, para proporcionar unha atención que coordine os procedementos de tódolos servizos, de maneira interdisciplinaria, co fin de chegar a unha diagnose e a un tratamento completo, axeitado para a vítima. Cando a persoa afectada se presenta ante un servizo sanitario, buscaremos intimidade para a entrevista. Teremos que apoia-la versión da vítima, dando veracidade ó seu relato e evitando que teña que repetilo a varios profesionais. Preguntaremos polo motivo da consulta, a sintomatoloxía que presenta e se existe a sospeita de que foi vítima dun delito. Debemos facer preguntas abertas, como: "que cre que lle pasou?". É moi habitual que os/as afectados/as verbalicen frases como "non sei o que me pasou", "apenas lembro nada", "estaba de festa", "sentín confusión despois de tomar unha copa", "sentinme moi bébeda de súpeto, desinhibida", "espertei xunto a alguén...coa sensación de ter tido relacións sexuais", "meteron algo na miña bebida", "espertei e non sabía onde estaba"… e non poidan dar detalles concretos do sucedido nin saber con certeza se houbo agresión sexual ou non. A entrevista debe dirixirse ó que relata a persoa, anotando e facendo especial fincapé nos síntomas que se asocian ós indicadores de sospeita da submisión química, anteriormente descritos. É preciso ser exhaustivos e rexistrar tódolos datos proporcionados pola persoa e/ou o/a acompañante.

É importante que a exploración que fagamos sexa ante testemuñas, polo menos un/ha profesional do ámbito sanitario, que convén que sexa do mesmo sexo do/da persoa afectada e, se o/a paciente o desexa, estará tamén presente un/unha acompañante seu/súa. En tódolos síntomas é moi importante detalla-la secuencia temporal de cando apareceron, canto duraron e se están presentes os síntomas no momento da entrevista. Valoraranse signos de violencia ou agresión: roupa rachada ou mal colocada, rabuñadas, feridas…

Debemos solicitar probas complementarias como a análise de sangue, o nivel de alcoholemia, probas toxicolóxicas, valoración de probas microbiolóxicas segundo o protocolo de agresións sexuais.

Se témo-la sospeita de submisión química e de abuso sexual, debemos comunicalo primeiro ó 112, logo á Unidade de Familia e Atención á Muller da Policía (091) e/ou Garda Civil (062). Con



Fonte: "El Periódico"



Fonte: Telecinco

respecto ás probas recollidas, seguirémo-lo protocolo do Ministerio de Xustiza, para mante-la uniformidade na recollida, embalaxe, almacenaxe e transporte, conforme á cadea de custodia.

Ademais, temos unha responsabilidade posterior, que é a de dar anticoncepción de emerxencia, facer profilaxe de infeccións de transmisión sexual (gonococia, clamidia, trichomonas e sífilis), de VIH, hepatite B, antitetánica, necesidade de apoio por parte da Unidade de Saúde Mental de referencia, derivación a Traballo Social para a valoración da situación familiar e da rede de apoio, cobertura das necesidades inmediatas segundo a valoración do caso (xudiciais, aloxamento, apoio a menores...), e a xestión da asistencia xurídica gratuíta. O coordinador do "Grupo de Toxicología da Sociedad Española de Medicina de Emergencias Sanitarias" insiste en que "no hay que tener vergüenza, ni culpa; denunciar; todo esto ayuda a las instituciones a detectar y resolver estas agresiones". En calquera caso, segundo nos recordan dende a SEMES, "hai que intentar previr este tipo de agresións con diferentes pautas de actuación: non deixa-la copa fóra do noso alcance visual (nin en mans dun/ha descoñecido/a), non aceptar copas de persoas que non coñezas, non compartir bebidas".

O ministro do Interior, Fernando Grande-Marlaska, engade outra teoría: esclarecer se esas prácticas buscan a submisión química ou, a maiores, amedrenta-las mulleres para botalas dos espazos públicos. "Hay que concretar si hay sumisión química con el fin de someter la voluntad de una persona o si hay otra voluntad detrás, como la de intentar trasladar una situación de inseguridad como amedrentar a un colectivo con ese discurso machista de tratar de sacar a las mujeres del espacio público", explicou.

Segundo os datos do Ministerio do Interior, Galiza ten unha taxa de criminalidade do 36,7% ata xuño deste ano 2022 por cada 1.000 habitantes e o Estado ten 10 puntos por riba. O balance de penalidade do 1.º semestre do ano 2022 sinala que Galiza rexistrou 377 delitos contra a liberdade e indemnidade sexual, o que supón unha repunta do 16,4% en comparación co mesmo período de 2021. Do total de delitos sexuais, 44 foron agresións con penetración (+2,3%) e o resto doutro tipo.

A práctica da submisión química (que se está producindo tamén noutros países europeos) é tan reprobable que as administracións deben poñer todo o seu interese e toda a súa maquinaria para que este tipo de feitos desaparezan da sociedade e poder así ter unha vida de relación sen perigos e sen medos.

Veciños discretos de Outes (I)

A paisaxe de hai millóns de anos segue aquí

Emilio del Río

Comezamos con esta primeira entrega unha breve serie que pretende salientar algunhas especies de flora e fauna que conviven connosco cada día nas Terras de Outes e que, ou ben por humildes ou ben por recónditas, non chaman polos ollos a primeira vista e non son valoradas como os auténticos tesouros biolóxicos que son. Cómpre dicir, no entanto, que probablemente foi esa discreción e a capacidade para pasaren desapercibidas xunto coa súa propia resiliencia o que lles permitiu persistir no tempo e chegar até nós.

Galicia é terra de fieitos e iso queda patente na nosa toponimia e na microtoponimia, tan rica, sendo numerosos na nosa xeografía os lugares denominados Fenteira, Fieiteira, Fental, Fieiteira, Folgoso, Felgueiras (lugar de felgos ou fieitos). Algúns destes nomes teñen mesmo un uso dual tanto como topónimo como apelido, como Folgoso, Felgueiras, Filgueira ou Folgar, presentes algúns deles como patronímicos en Outes. Os fieitos comúns tiveron até hai poucos anos importancia económica e aproveitamento xa que eran, xunto co toxo, un compoñente esencial do mulime co que se estraban as cortes das vacas e se aproveitaba como batume ou esterco para enriquecer as leiras.

Woorvardia radicans é o nome científico dun fieito moi común aínda hoxe na Macaronesia que -contra o que poida parecer- non está no Pacífico, senón que é o conxunto de arquipélagos volcánicos de Azores, Madeira, Canarias e Cabo Verde. Dos catro, xusto neste último, esta especie está ausente. A estas illas chegaron as sementes destes fieitos despois de que estes arquipélagos emerxesen do fondo do mar hai poucos millóns de anos e cando case toda a fachada atlántica da Europa do sur era unha vizosa selva subtropical, húmida e morna de áreas de laurisilva, con especies semellantes ó loureiro e ó érbedo, todos eles de gran porte e tapizadas de fungos, liques, brións e fieitos, inmersas nunha brétema e humidade tépeda case continua. Bosques idénticos ós que aínda hoxe se conservan nos cumios das illas de La Gomera ou La Palma. E así era Outes na Era Terciaria –mellor coñecida a día de hoxe como Cenozoico-, hai aproximadamente uns 60 millóns de anos, cando xa se extinguiran os dinosauros pero aínda non apareceran os nosos antecesores humanoides co Cuaternario. As glaciacións deste último período, que converteron a toda Europa nun inmenso casquete de xeo, propiciaron a desaparición destes interesantísimos bosques de toda a cornixa atlántica e a perda da maioría das súas especies agás nuns pequenos acubillos, moi recónditos, valgadas de regatos e congostras fondas, pero sen xeadas e permanentemente húmidas, con luz aínda que con pouco ou ningún sol directo. Unha das especies relictas (termo que se utiliza para denominar a estas especies que persisten tenazmente ancoradas a un territorio moi pequeno, ás veces duns poucos metros apenas) é o fieito que nos ocupa: *Woodwardia radicans*. En concreto, no concello de Outes está presente na raia co veciño concello de



Foto 1. O autor a carón das frondes de Woodwardia radicans, en todo o seu esplendor e beleza.

Mazaricos no regato de San Paio, nun entorno digno de coñecer, interesantísimo pola propia xeoloxía, con afloramentos de rochas ultrabásicas como gabros, anfibolita negra ou de gneis ou pedra morceña, é dicir, pedra peiteada, semellante ó granito pero cos seus compoñentes dispostos en finas capas que lembran o pelo pedraz ou entrecano, e de aí o nome. As fervenzas que propician estas rochas escasamente erosionadas son un patrimonio natural moi salientable. O sendeiro foi, ademais, recentemente axeitado para o seu desfrute. O desnivel e a auga favoreceron a instalación dunha vella minicentral hidroeléctrica, inactiva hai xa décadas, e da que se conservan os restos. Hai outras pequenas poboacións deste fieito en áreas próximas ás terras de Outes como o rego de Santa Locaia en Chacín, tras da capela, e no río de Toxosoutos.

Trátase dun fieito perenne (a maioría dos presentes en Galicia son caedizos), de frondes longas, gráciles, elegantes, dun verde intermedio. Teñen un rizoma ou raizame groso e poden acadar até case 2 metros aínda que non son fieitos arborescentes propiamente ditos.

Xunto con *Woodwardia radicans* hai nas terras de Outes outros fieitos relictos de tempos xeolóxicos, como *Davalia canariensis*, que a pesar do seu nome tamén é natural do continente europeo e chegou aos arquipélagos atlánticos dende as nosas costas. Aínda que sufriu a mesma regresión que *Woodwardia* acosados polas glaciacións, é algo máis común e non aparece na listaxe

de especies ameazadas de Galicia. Trátase dun fieito gabeador, aínda que pode darse sobre o chan e as pedras nos sitios máis húmidos e sombrizos, de delicadas e elegantes frondes cun aspecto grácil e etéreo. As follas nacen dun groso rizoma alongado, que zizaguea polos troncos de carballos e outras frondosas coma unha serpe, case sempre acompañados de liques e brións. Son relativamente comúns nas valgadas do río Tins e das beiras máis mornas, húmidas e protexidas do río Tambre e mesmo nas beiras da ría sobre o propio mar, que avanzou sobre o propio val do río tendo a estes fieitos como testemuñas desta asombrosa e discreta xesta xeolóxica.

Con todo, moito coidado con danar ou arrincar estes elegantes veciños! En Galicia, *Woodwardia radicans* está tipificada como planta vulnerable protexida polo Decreto 88/2007 do 19 de abril de especies ameazadas, polo que deben admirarse de xeito respectuoso e civilizado sempre. E conservarse coma un tesouro que pode permanecer aí outro tanto como xa leva: 60 millóns de anos.



Foto 2. Detalle das follas de Woodwardia radicans, o seu deseño drenante da auga excesiva pero sen a que non pode vivir.



Foto 3. Exemplar de Davalia canariensis, unha especie de fieito tamén relicto da Era Terciaria, gabeando por unha pereira brava co tronco cheo de brións nun dos abondosos regatos da terra de Outes.

Optica OLLOS

A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto á ponte de San Lázaro) - **Tlf. 981 82 42 60**

N O I A

CHEMA



Foto 1. Chema Fuentes, segundo pola esquerda dos catro rapaces que están subidos á bicicleta, á idade de 14 anos, tras unha competición ciclista celebrada o día de San Cristovo de 1966.

Chema, amigo entrañable da infancia e da adolescencia, hai case 50 anos que nos deixaches.
Xosé Mª Fuentes, "Chema", natural de Serra de Outes, era fillo do médico Fernando e de Fany. O seu irmán Fernando, que tamén é médico, exerce actualmente na Serra de Outes.
Chema e mais eu viviamos porta con porta e compartimos vivencias inesquecibles ó longo da nosa infancia e adolescencia na Serra.
Chema, tiveches unha morte desgraciada e criminal un 4 de decembro de 1972 en plena ditadura franquista. O teu asasinato conmocionou a todo o concello de Outes, a toda Galiza.
Chema, un mozo de apenas 20 anos, estudante de Medicina en Santiago de Compostela, na flor da vida caía abatido polas balas dun policía franquista e asasino.
Regresabas á casa cos teus amigos despois dunha noite de diversión. Era sábado, un sábado negro. O teu asasinato foi ocultado, calado e manipulado polas autoridades franquistas que buscaban estratexias e mentiras para xustificaren este crime. A túa familia e amigos padeceron un sufrimento desmesurado ante estes aconteceres.
Querido amigo Chema, cantos momentos compartidos na nosa mocidade! Fermosas lembranzas que sempre estarán na miña mente, no meu corazón.
Os xogos de pelota na rúa da Vila, antes chamada rúa Xeneral Franco, ironías da vida! Corriamos aventuras polos arredores da Serra, compartiamos tebeos de "Xaimito", de "Roberto Alcázar e Pedrín", do "Capitán Trueno" e do "Xinete do Antifaz". Escoitabamos aqueles discos que tanto nos gustaban: os Beatles, os Rolling Stones, Engelbert Humperdinck , os Bravos, The Doors, os Brincos...
Chamar ás portas das casas e botar a correr era unha das nosas trasnadas favoritas, eramos os "malos" da Serra. Lembro tamén aqueles momentos no bar Camay tomando un xeado que tan amablemente nos servía Catalina ou Xermán. Os paseos en bici polos arrabaldes do pobo, a carreira de bicicletas ata Berres no ano 66 (ver foto).
Gozabamos coma tolos vendo a Manolo Santana e Orantes xogar ó tenis. Queriamos ser coma eles imaxinando xogar en pistas de tenis inexistentes.
Como esquecer a andaina ó Monte da Pena pasando pola Farrapa. Pensabamos que nunca poderiamos chegar ata alí.
Os nosos primeiros amoríos, as mozas que nos gustaban naqueles tempos... Son innumerables os intres que vivimos xuntos. O teu irmán pequeno Fernando tamén andaba por aí, protexido pola nosa compañía.
Co tempo, a vida foinos separando pouco a pouco. Ti fuches estudar ó Colexio La Salle e eu ó Seminario Menor de Belvís en Santiago de Compostela. Cada un de nós tería as súas propias vivencias, ilusións e soños que se viron truncados para ti aquel terrible día de decembro do 72. Un desgraciado suceso que nos conmocionou a todos.
Chema, agradezo todos aqueles anos de amizade que compartimos xuntos e nunca esquecerei o grande amigo e persoa que fuches.
Como di a letra dunha canción do cantante Alberto Cortez: "cuando un amigo se va, algo se muere en el alma, también se nos muere algo en nuestro cuerpo".
D.E.P., QUERIDO AMIGO CHEMA.

Eladio Lores



ADIOS A "CHEMA", EN OUTES

Más de mil quinientos estudiantes participaron en el entierro

▲ MANIFESTACION DE DUELO --UNAS 3.000 PERSONAS-- EN SIERRA DE OUTES

▲ "HAN SURGIDO NUEVOS DATOS CONTRADICTORIOS SOBRE LOS HECHOS --DICE EL GOBERNADOR CIVIL--. EL SUMARIO JUDICIAL YA ESTA INICIADO"

El féretre es trasladado a la iglesia por sus compañeros. En el círculo, Camilo Cortizo, el amigo que estaba con él en el momento de su muerte.—(Foto Martínez Sevilla)

El féretro llega al cementerio. En la foto superior, José María Fuentes Fernández. Unas tres mil personas estuvieron presentes y acompañaron el duelo.
(Foto Martínez Sevilla)
(INFORMACION EN PAGINAS 6 y 8)

Foto 2. Nota de prensa que dá conta do enterro de Chema Fuentes. El Ideal Gallego. 11 de decembro de 1972.

Unhas cousiñas de nada !!

Habería que mirar dunha vez por todas polo hotel ruinoso de Broña, pois o espectáculo está servido. Os bañistas poden ver en tempo real o deterioro cansado do edificio, dando unha imaxe decrépita da postal.

Deberían buscarlle unha solución a tal desastre ambiental, pois dentro de pouco só quedarán as paredes, debido ao desmantelamento progresivo por parte dos amantes do alleo.

Esa é outra, como está legalmente ese local, en que fase está xuridicamente e se se podería dalgunha forma meterlle man, e que non estea ano tras ano dando unha imaxe que non corresponde co entorno. Un borrón ben gordo, ao que habería que buscarlle arranxo… Algo hai que facer por parte das institucións que corresponda… ou vai quedar aí eternamente.

Outra cousa, ben polo limpeiro de sinais que case estaban podres, remitíndonos unha vez máis a imaxe que queremos dar cara aos que veñan de fóra como a nós mesmos. Actitude!

Queda moito que facer para que o concello sexa un lugar atractivo para vivir a propia xente, non falamos de cabaniñas, cubos, locais exclusivos, pois resulta que agora queres tomar un viño e case che dan o tempo xusto para tragar, pagar e marchando que é xerundio etc. Os negocios cambiaron o seu sistema, en fin, miran o seu e fan ben. Parece que con isto xa estamos no mapa…

Tampouco sentou nada ben a pouca organización por parte do Concello, coa chegada duns centos de rapaces que andaban facendo os novos itinerarios do camiño, pois inundaron a Serra e non había víveres suficientes por parte dos ofertantes para telos ben comidos e os mozos quedaron un pouco fastidiados. Que a imaxe tamén conta!! Os xerentes de distintos locais sentíronse algo mosqueados, pois cun mínimo de antelación e organización, repartíndoos polos distintos locais, darían atendido tal oferta xuvenil sen maior problema. Que dicir dos excelsos efectivos de Protección Civil que ben poderían prestar un servizo mínimo escoltando dalgunha maneira os xoves neste peregrinar ata os límites do noso concello. Mais se non se lles dá a orde pertinente… quedan en capela!! Sería un xesto agradecido por todos eles, de seguro que si. Mais abofé que os cidadáns requiren unha explicación dos responsables para que aclaren todo o que levou a dar unha imaxe funesta que seguro máis dalgún puido levar de nós. Do Concello tamén.

En fin, o dito, queda moito por mellorar.

Lusco e Fusco

ASÍ SI ...




Mellor sen os sinais ou quilométricos medio podres... daban efecto de miseria.

ASÍ NON ...



Cacharrada medio podre e inservible dende o primeiro día cos famosos semáforos.

ASÍ TAMPOUCO ...



Formigón pasado de voltas, estado ruinoso e máis sinais dando un efecto patético.

Modernización da democracia (II)

Gundar Rial

Proseguindo nesta segunda achega ó artigo “Reforma da Constitución” iniciado no número 58 desta revista cómpre dicir que a xustiza española se converteu nun verdadeiro problema para a democracia. Segundo enquisas varias realizadas entre a poboación esta institución figura entre as máis desprestixiadas do Estado. O peor é que esa ausencia de creto foi en aumento dende aquel trimestre de abril-xuño de 2022 -data daquela primeira entrega do devandito artigo- e pode prolongarse no tempo, porque cando unha maioría social dun Estado percibe que a xustiza non é xusta, que non é igual para todos, que é arbitraria ou que é un instrumento dun determinado sector ideolóxico e político, reséntese e detúrpase o sistema democrático. Inda máis, aumenta a percepción de que temos unha parte importante dos poderes do Estado incumprindo a norma básica e fundamental deste: a **Constitución**. E, xa que logo, erguéndose contra o sistema democrático, que é o fundamento, o piar básico, da nosa convivencia.

Resulta moi doada a comprensión das anteditas reflexións partindo da premisa de que as normas e as leis polas que se rexe a nosa convivencia aprobáronse para seren cumpridas e de que o seu infrinximento supón unha sanción ou condena de maior ou menor grao dependendo do precepto quebrantado, ademais doutros factores e circunstancias que os xuíces deben no seu momento ponderar. Indo ó miolo do asunto que nos atinxe: a non renovación do órgano de goberno dos xuíces, o Consello Xeral do Poder Xudicial -CXPX-, que leva de demora case catro anos, supón, ademais dunha situación de extrema gravidade, un quebrantamento dunha obriga legal e dun precepto constitucional. Chegados aquí cómpre salientar que **a Constitución ten que cumprirse sen condicionamentos**.

O certo é, como moi ben explica Beatriz Ximeno (*Público*, 29-10-2021) que nos últimos catro anos parece que temos un CXPX con axenda propia e sen ningún control porque o único que ten, a súa elección parlamentaria, a minoría conservadora e neofascista decidiu que non será efectiva ata que poida asegurarse que tan só sexa ela quen poida configura-la súa composición maioritaria. Se polo maxín dalguén pasaba que coa chegada á presidencia do PP do “moderado?” Feijóo a insolvencia e as intransixencias de Pablo Casado remataran, vaia chasco! Meus pobres! Lembro que Pablo Escolar escribía (*elDiario.es*, 11-11-2021): “O PP aceptou rematar co secuestro dos órganos xudiciais -agás o CXPX- porén cobrando un rescate: o nomeamento



Imaxe 1. Fonte: Gonzalo Vilas. eldiario.es/galicia/blog/opinion/ 9-9-2022

dalguénItan inapropiado para o Tribunal Constitucional -TC- como Enrique Arnaldo”. Daquela presidía o PP Pablo Casado e exercía como secretario xeral do partido Teodoro García Egea (o de “voulle dar un dato”). Non vou entrar neste caso concreto en se se puido ou non facer por parte do Goberno doutra maneira este trasacordo, esa é outra cuestión. O que si vou é lembra-las lindezas que ó respecto dos nomeamentos de Espegel (a “Querida Concha”, de Cospedal) e Arnaldo se fixeron públicas: “Vergoña democrática”, “Engulimento de sapos” etc. etc. Nada menos que no editorial do xornal *El País* de data 12-11-2021 dicíase o seguinte: “A votación de Enrique Arnaldo como novo membro do TC conculca a dignidade que a Constitución confere ó seu máis alto intérprete”. Por aquelas datas, ano 2021, o PP tiña tomados o TS, o CXPX, o TC, o Tribunal de Contas e o Defensor do Pobo como reféns dende había tres anos aproximadamente, negándose a cumprir coa súa obriga legal. Unha sinxela reflexión ó respecto: Suponse que os representates públicos, sexan parlamentarios, conselleiros, senadores, deputados, alcaldes, concelleiros etc. son elixidos para servir e representar ó pobo, porén nunca para servirse do pobo en beneficio propio ou partidario; sempre o interese xeral debe prevalecer sobre calquera outro. É, quizais, unha utopía este principio de comportamento no ámbito político?

Dito todo isto, cómpre facerse a pregunta seguinte: **Que está en xogo no anovamento do CXPX e do TC?** Calquera cidadán do común, eu entre eles, pode pensar que inumerábeis e moi importantes intereses de toda índole. E non se albisca ningún erro nesta apreciación porque cada día se constata máis nidiamente a tendencia da dereita de presentar atrancos en forma de recursos de inconstitucionalidade contra tódalas leis progresistas



imaxe 2. Fonte: Gonzalo Vilas. *Feijoo ocho viñetas humorísticas*. eldiario.es/galicia/retrato-politico

do actual Goberno, algo que cualificaba no anterior artigo publicado neste medio como "*lawfare*", é dicir, "golpe brando" contra o Goberno que preside Pedro Sánchez.

Deixando atrás o ano 2021 e centrándonos no actual hai que lembrar que despois da profunda crise que viviu o PP, por mor da cacería desatada contra a anterior cúpula da formación que denunciara publicamente irregularidades contractuais de gobernantes madrileños, o pasado 2 de abril, no XX congreso extraordinario celebrado na cidade de Sevilla, Alberto Núñez Feijóo foi proclamado como presidente do PP e estreou o seu mandato reuníndose co rei, Felipe VI, e co presidente do Goberno, Pedro Sánchez. O troco na presidencia da formación non mudou a estratexia política do PP e a súa actividade de confrontamento co Goberno e os socios partidarios que o apoian. En definitiva, máis do mesmo, porque a moderación coa que se adobiou e da que se gabou o novo líder diluíuse nunha forte aperta coa desmesura do seu predecesor, Pablo Casado. É máis, na formación só se produciu un troco de nomes: Feijóo por Casado e Cuca Gamarra por Teodoro García Egea.

No ámbito da xustiza, que é o que nos ocupa, as actitudes non melloraron senón que foron a peor até convertérense nun esperpento. Estoume a referior ós acontecementos acaecidos nos días 6, 7, 8 de setembro, que é cuxamente nos que me ocupo de remata-la redacción destas liñas. Por estas datas e incluso anteriores dáse a coñecer perante a opinión pública un trasacordo do PP durante o mandado de Casado-Egea cos dirixentes do PSOE sobre a renovación do Poder Xudicial que Feijóo nega coñecer e sobre o que afirma non ser previamente informado, feito desmentido polos antigos responsables da formación e por Pedro Sánchez durante a súa comparecencia no Senado o martes, 6 de setembro. Sobre os que menten o refraneiro é contundente.

Para referenda-lo cualificativo de esperpento, desatino ou absurdo abonda con reproducir titulares dos medios. Eis unha pequena mostra:

"O presidente do Poder Xudicial trata de impedi-la conxura para bloquea-lo Constitucional".

"Lesmes mobilízase para desactiva-lo intento de conxura dun sector conservador do Poder Xudicial" (*El País*, 7-9-2022).

"Oito vogais do Poder Xudicial do bloque conservador atrinchéiranse para bloquea-la renovación do Tribunal Constitucional" (*elDiario.es*, 7-9-2022).

"Lesmes ameaza con dimitir se non se renova o CXPX despois de case catro anos de mandato caducado" (*elDiario.es*, 7-9-2022).

"A ministra de Xustiza esíxelle a Feijóo que presente este xoves os nomes para a renovación do CXPX. Desvela que mantivo un breve encontro con Feijóo e que non obtivo resposta e cúlpao da dimisión de Lesmes" (*Público*, 7-9-2022).

"A outra excepción ibérica chámase Feijóo" (Íñigo Sáez de Ugarte, *elDiario.es*, 8-9-2022).

"Lesmes denuncia 1373 días despois o bloqueo do PP ó anovamento do CXPX e ameaza coa súa dimisión" (*El País*, 8-9-2022).

Parece que, de momento, despois deste contundente aviso a xeito de ameaza do presidente do CXPX, Carlos Lesmes, ex-alto cargo da Administración do Goberno presidido por Aznar, Feijóo revisa a súa postura obstrucionista e o PP pide por carta ó ministro da Presidencia, Félix Bolaños, sentarse a negocia-lo anovamento do Poder Xudicial, e subliño o "de momento" porque a estratexia política do PP cando non conseguiu que a cidadanía lle dese os votos para poder gobernar foi sempre contumaz, independentemente de quen o presidise. Non hai máis que recorrer á hemeroteca. E lembrar-lo saber popular que emana dos Evanxeos: "**Polos seus feitos coñecerédelos"**.



imaxe 3. Carlos Lesmes. Presidente do Tribunal Supremo. Foto: El Periódico. Com. 1 outubro 2022

Dez anos

Iria Lago García

Díxenlle a Xan Mariño que non me importaría escribir para a revista *Terra de Outes*. Atopeino un día deste verán cando estaba comprando unha rosca e media torta de queixo no despacho do Ghaldrán. Conteille que tiveramos un fillo, que se chamaba André, que estabamos pasando os dous primeiros meses do permiso entre Noia e Outes, e pedinlle que me acompañase ata o coche para presentarllo.

Felicitounos os dous; non obstante, na aperta que el e Óscar se deron, vivín a alegría xenuína dos que comparten un lugar e un sexo.

Pasou un mes, ou máis, desde ese encontro. Óscar acabou o texto. Eu comezo hoxe a escribirme despois de dez anos. Doce anos. Andaba moi mal aí atrás. Canto mérito tivo Moncho de estar, de vixiarme, de controlar que non fuxise. Moncho debeu pasar moito medo.

Do pouco que lembro dos primeiros anos son as tardes soa, sentada na hamaca e o sol dando nas pernas. A luz, que estrelecía entre as follas do incenso, a miña avoa durmindo no salón beneficiaria das paredes dunha casa de pedra. O sono e a fame. Unha fame que quería substituírme. Ir á praia a Abelleira. Ver a Óscar e a Araceli ao lonxe cos seus cans e envexar a súa vida. Pensar que unha toalla me podía facer invisible porque me daba vergoña e medo que se achegasen a min. Vexo meus pais falando con eles, mollando os pés no que eu coñezo como río. Non me din conta de que engordara 30 quilos ata pasados dous anos de chegar da Arxentina. Obesa, fracasada, non era capaz de concentrarme, de ler, de redactar. Eu sofría unha depresión. Levaba anos tentando matarme e volvín acá para morrer.

Dous anos pasaron da miña chegada, a miña prima Lucha acababa de falecer e ocultáranmo. Construín na miña cabeza unha casa disonante e sobrevivín.

Moncho falou cos meus pais e comecei ir ás comidas da asociación. Crearon unha biblioteca. Publicaban unha revista. E parecíanme boa xente os que alí estaban.

Unha tarde fun a Muros. Outra a Esteiro. Bebía Kas limón ou Kas de laranxa. Comiamos pizza na pizzaría Italia. Quedaba a durmir á beira do Tambre mentres Moncho me coidaba, con tanto medo que me coidaba.

Eu tiña un mellor amigo que vivía en Bocadroña. Nunha casa cunha parra e unha mesa de pedra, alá sentados, comendo unha tortilla que nos fixera Argentina, a única Argentina boa que coñecía, mirabamos para a ponte e sentiamos fluír o río. Moncho contaba o ben que facía a lamprea súa madriña e riamos cando narraba os detalles da dieta do seu padriño. Dieta de carne cocida con verdura, despois de comer empanada e callos. Coincidindo coa publicación de Emily, subiramos ata Burela e comeramos bonito, nun restaurante-pensión creo lembrar que dos pais de Laura. Ramón confiaba en min, sen eu confiar en min. Cando non puido seguir quedando comigo, mostreime como a merda de persoa que era. Regresou a dor física que trae a frustración de sentirse soa polas decisións que tomamos. Son tan miserable que, despois de tantos anos, vai ler que nunca fun capaz de dicirlle que foi o meu amigo querido. Dese mundo, non queda nada.



Casei no xulgado un 8 de outubro. Na parte de fóra as árbores peladas e o río. Non hai tanto tempo que son outra muller. A cantidade de dor que fun capaz de xestionar e que, por casualidade, non me segou.

Esta reflexión, que non me provoca nada máis que ler unha reflexión sobre as decisións e as oportunidades que tiven no tempo, fágoa porque podo. Os sentimentos de angustia de hai dez anos. A sensación de normalidade que me provocaba reunirme a comer polvo con cogomelos cos de Terra de Outes. Mentir para que non che berren. Converter o traballo nunha razón de vivir. O sentimento de amar e o feito de parir.

PENSAMENTOS

O mar camiña entre xuncos
pedras que desfai o río
caen as follas das árbores
caen os meus pensamentos
que tamén caen no río.

No bico da póla
un paxariño branco
pía e pía e nunca se cansa.

No bico da póla
contempla a paisaxe
brinca, pía e pía
no bico da póla.

O gato no monte mirando para min
chamei ao gatiño unha e outra vez
o gato marchou e non quixo vir
que fai o gatiño mirando para min?
Voltarei ir ó monte unha e outra vez
para ver se podo con el debater.
O ladrido do can déixase ouvir
e o canto do galo, canta que canta
que quererá dicir?

Vento que zoa miúdo
acariciando as follas
saltan das pólas e caen soas
escoito zoar o vento
escoito caer as follas.

Deolinda Gómez



POEMA

Na parte de atrás
do muro, á intemperie e no
silencio…

Usas as mesmas palabras
que un día eu tamén.
Usas a imaxe
do muro na noite
á intemperie. Quen
estará
tras del?
Acaso o murmurio que escoitas é
o reflexo confuso daquilo que
quizabes se move?

Na parte de atrás do
xardín; lugar para a taqui
cardia, lugar
para a apnea, lugar
á intemperie e no
silencio… (esta dor
tan grande).

Usas o son dos pés camiñando sobre as
follas secas. Disto
alimentas.

Manuel López Rodríguez



CONSTRUCIÓNS BLANCO

Traballos de Albanelería e Cantería

Teléfonos: 981 769 439 – 635 946 920
Boca de Oroña, nº 6 – Cando – 15.286 OUTES (A Coruña)

Páxina web: *construcionsblanco.com*
facebook.com/construcionsblanco/

SILVANO (II)

Henrique Álvarez

Cara ó mediodía, subimos ata a casa do rapaz. Xantamos coa familia. Os pais, que se mostran visiblemente máis compunxidos polo ocorrido que os seus veciños, cóntannos máis detalles da súa loita. Repiten o que xa lle contaran ós compañeiros e que a veciñanza, máis bastamente, xa nos describira á mañá. O rapaz fala pouco, pero con sentido. Se o que sabemos é certo, empezará a ter outro episodio contra a medianoite, cando a lúa volva encher. Esta vez, estaremos pendentes del en todo momento. Se realmente hai intervención do maligno, estamos preparados, ou polo menos iso asegura o padre Andrés. Será pola falta de experiencia, pero eu non teño tal certeza. Despois de comer, visitamos a encrucillada. Seguen presentes os mesmos elementos que observaran os nosos predecesores: a base dun cruceiro roto, sen cruz, pintura vermella dun spray que, a xulgar polo que se conserva nas pedras fixas, debeu debuxar un pentáculo, restos de cera e sinais de pequenas queimaduras, todo coa pátina do tempo. A única diferenza, é que, observando ben, aínda se poden atopar marcas enferruxadas do sangue do padre Rodrigo. Saco fotografías co móbil, igual que el fixera, mentres o padre Andrés toma notas no seu caderno. Volvemos. Penso no pobre padre Domingos, encerrado baixo chave nunha cela dun mosteiro, rumiando uns feitos que non acaba de entender, porque conscientemente non lembra nada desde que aquela noite se deitou no cuarto cedido pola familia. Mentres esperamos o novo episodio do mozo, reviso unha vez máis a gravación da súa sesión de hipnose:

- O padre Rodrigo veume chamar á porta. Dicía que o espertaran ruídos e, mirando pola fiestra, vira unhas luces estrañas cara ó cruzamento. Os ruídos resultaron ser do rapaz buscando o modo de escapar do seu cuarto, pechado con chave. As luces seguían alí, como uns pequenos puntos vermellos que se movían coordinadamente. Non sei se por verdadeiro valor ou por non quedar mal un co outro, alá nos vestimos e saímos investigar o fenómeno. De noite, o lugar era aínda menos tranquilizador que á luz do día. As penedas e os restos do cruceiro facían sombras ameazadoras, contra o mato do monte ou o muro de pedra seca, cando as iluminabamos coas lanternas, sobre todo co meu foco antigo de pilas enormes e lámpada de filamento. A de *leds* que traía o padre Rodrigo parecía querer desafiar o propio Sol. As luces estrañas semellaban ter desaparecido. De súpeto, reapareceron cara ó monte; eran catro, dúas e dúas, vermellas como brasas cando as sopras. Como estaba máis próximo, camiñei na súa dirección. Non parecían aumentar nin moverse a medida que me achegaba. Pensei en lucecús pousados nunhas gallas, pero a cor era distinta e non minguaban en ningún momento de intensidade. A orixe, fose a que fose, parecía estar detrás dunha xesta de gran porte. Rodeeina, esperando atopar calquera cousa menos o que vin. Enfoquei lentamente coa lanterna porque non o acababa de crer. Diante miña tiña un cabalo monstruoso cunha cabeza diante e outra atrás.

O cabalo miroume coas dúas cabezas, de brillantes ollos vermellos. Sentín, pero non oín o que dicía. "Alimento. Ven alimento", sentín. O corpo non me obedecía. Movinme cara a aquilo como nun pesadelo, cando queres correr ou deterte e non podes. Cando o foco do padre Rodrigo iluminou aquel horror –"Deus todopoderoso! Que é iso?"-, foi como se me ceibasen un instante e quixen fuxir, pero enseguida volveu o dominio da besta. "Inimigo. Elimina o inimigo". Volveume cara ó padre e fíxome erguer a lanterna. "Vámonos de aquí, padre Domingos! Que fai?" Non dixo máis. Non lle deu tempo. Bateulle coa lanterna do meu brazo unha e outra vez, unha e outra vez, ata que o matou. Cando me ceibou, non lembraba nada máis que deitarme á noite no cuarto de convidados. Estaba axeonllado sobre o corpo do padre Domingos, a súa cabeza deformada a golpes, irrecoñecible, o seu sangue tamén sobre min. Os ollos ardentes desapareceran, pero a un paso, na dirección da aldea, o mozo mirábame mansamente.



A FESTA

Eloy Herbella


Chegamos todos xuntos á festa.

O local está cheo de xente, a música antóllaseme moi agradable. Pedimos algo de beber na barra e empezamos a saudar aos coñecidos. Aquí e alí xorden grupos de xente con entretidas e riseiras conversas.

Mais de súpeto estou só. E antes de que ocorra xa sei o que vai pasar. Tento falar con homes e mulleres, pero ninguén quere entenderme. Quero bailar e a música paralízame. Desexo beber algo e a barra está lonxe, non chego nunca...

Comezo a dar voltas ao redor da pista de baile, abríndome paso entre a xente. Voltas e máis voltas, tentando en balde atopar unha cara coñecida, un rostro amábel, unha palabra doce no medio daquela soidade tumultuosa.

Espertei abatido...



LECTURAS RECOMENDADAS

PAZO DE INVERNO
Alberto Lema
Editorial Galaxia
Premio García Barros, 2021



"Pazo de inverno" é unha novela de ficción que fai unha análise social e política dunha cidade do norte de Galiza e dun período da historia recente do noso país, cando os chamados movementos do 15M gañaron en diversas cidades galegas as eleccións municipais. Que uns feitos tan recentes sexan novelados e ficcionados foi para min un dos motivos para acercarme a esta lectura e tamén o feito de que o autor, Alberto Lema, foi parte activa nese período e nesa cidade como concelleiro de diversas áreas.

Esta novela política fálanos de cal é o mando real e como actúan os poderes fácticos cando se saben fóra do poder. A novela vai relatando os pasos que se dan nas esferas conservadoras e clasistas da cidade (chamada Faro, pero que dende a primeira folla identificamos como A Coruña), empresarios, Igrexa, xornalismo… para, dende os seus cargos de influencia, urdir todo tipo de artimañas que desprestixien e impidan o traballo dos novos inquilinos do Concello.

"Pazo de inverno" é unha novela coral onde todos os personaxes son ficticios pero perfectamente recoñecibles e funcionan necesariamente para comprender as engrenaxes da política municipal, o verdadeiro poder e, en definitiva, o feble que pode chegar a ser o sistema democrático cando as forzas vivas senten a ameaza de rematar con séculos de control e dominio.

Alberto Lema distribúe a novela en corenta e cinco capítulos curtos que fan o relato moi áxil, e presenta os personaxes e as tramas de xeito moi dinámico, fácil de ler e comprender. Achéganos ao período sociopolítico entre 2015 e 2019 e, dende a súa propia vivencia (bonita chiscadela a do último capítulo), expón os feitos para que as lectoras poidamos entender o momento de incerteza que se vivía nas tres principais cidades da provincia da Coruña. Conclúese pois o complexo que é para os movementos da esquerda manterse no poder diante da maquinaria das forzas da dereita.

Nunha entrevista publicada no xornal "Nós Diario" o autor de "Pazo de inverno" deixa un titular esclarecedor sobre o que pasou nesa etapa da "nova política" que foi atacada sen piedade e na que a inxenuidade e inexperiencia dos protagonistas remataron coa súa traxectoria política. Di Alberto Lema: **"Cando estás no poder nunca te decatas de a quen estás molestando até que xa é demasiado tarde."**

Lidia Vicente

Na procura de fotografías

Pepa Nieto

Os dous, poderíase dicir, case descoñecidos, seguiron camiñando pola gran cidade chea de preguntas sen apenas falar unha soa palabra. Cumprindo co falado polo teléfono a noite anterior, sobre a cita que el tiña co seu habitual médico, acudiron visitalo. Despois xantaron xuntos, estaba escrito que xantarían xuntos moitos días. Aquí é onde vivo dende hai algún tempo, dixo el coa timidez que o caracterizaba. Ela, obsesionada por saber, centraba os seus esforzos na busca de fotografías. Teimaba, unha e outra vez, na maneira de poder atopar algunha pista que a levase a descubrir feitos ou persoas relacionadas co pasado do seu pai. Pista que, na sinxela estancia chea de libros, xornais coas datas caducadas de hai tempo e apuntamentos da carreira de Dereito, que descansaban sobre a vella mesa, como mirando e á vez esperando a chegada dalguén, non resultaría fácil. Todo isto relacionado co estudo e a literatura, que a calquera lle parecería unha tolería, era para el unha parte importantísima do cuarto. Entre as escasas pertenzas tiña, ademais da mesa, dúas cadeiras, un pequeno e descolorido sofá e unha cama. Se no medio desta desorde non había esperanza de atopar algunhas fotos, ela inventábaa. Buscaba, investigaba, insistía continuamente nas preguntas. Non era posible tantos anos de vida dun home sen fotografías.

Ás veces o excesivo e incontrolábel interese por descubrir algo daquel pasado, incluso lle producía un estado de ansiedade. Tiña o costume de falar con ela mesma e concluía: parezo da CIA.

Os libros sobre a modesta mesa chea de couza non deixaban espazo para poñer o *pocillo* dun nobre café que, nada máis chegar, el preparou con delicadeza e agarimo, mesmo se mostrou emocionado.



Ela, contenta e á vez triste, ao contemplar aquel lugar e a el, que na realidade era o fogar onde seu pai residía, non puido evitar acordarse dalgunhas historias de bohemios. Tiña lido sobre a vida de pintores como van Gogh e doutras personaxes importantes, que vivían dese xeito: no que os humanos chamamos "a miseria". Non se fixeron preguntas ata pasados uns días. Foi ela quen coa voz firme, pero con desconfianza, insistiu unha vez máis no tema das fotografías: Non tes fotos? Gustaríame, despois de tantos anos, ver algunhas fotos túas… Unha tarde, convencida de que gardaba algún segredo que non desexaba revelarlle, dirixiuse a el directamente, sen reproches: Tes que ter algunhas fotos. Todo o mundo ten fotos. El escoitábaa con disimulo e interese sen contestar ás preguntas, o que provocaba nela unha situación aínda máis intrigante. Teimuda, sen descartar que atoparía algunha pista que a levase a descubrir aquel labirinto, o lugar das fotos, ela insistía.

Agora, xa unha muller madura, cría coñecer o carácter tremendamente reservado e discreto de seu pai. Imaxinaba o difícil que tiña que ser para el falar do seu pasado. Da súa vida en xeral. Unha vida complexa e anómala que, a pesar de todo, ela tentaba comprender.

Actuaba como se o coñecese de sempre, como se fose o seu referente na súa nenez ou na adolescencia, que sería o correcto. Mais non. Todo o que coñecía del era o que escoitara aos amigos ou veciños que a viron crecer escribíndolle cartas.

Cando marchou, deixou a unha nena medrosa e *fracucha,* de ollos grandes e de intensa cor azul.

Agora era o momento de achegarse, atravesar a extensa rúa que descoñecía. E foi precisamente ela a que decidiu cruzar para abrazalo. Recoñeceu a súa faciana, a súa estatura de home máis ben baixo e que, sen dúbida, tiña minguado co paso dos anos. Alí, do outro lado, serio, confuso, estaba a esperar o ancián. Fundíronse nunha estraña aperta, unha aperta non falta de emoción e de preguntas. Preguntas que posibelmente nunca se farían.

Alguén dixo: o pasado é mellor deixalo só, foise con aquel home para sempre…

A CATEDRAL

¿Estarán vivos?, ¿Serán de pedra
aqués sembrantes tan verdadeiros,
aquelas túnicas maravillosas,
aqueles ollos de vida cheos?
ROSALÍA DE CASTRO

Son os pés ou é a alma.
É o meu traxe,
e todo está disposto.
Unha vez máis, agárdasme.
O teu pórtico énchese dos meus ollos.
Da nenez fugaz e transparente
que acariño.

Aquí estou, dáme tempo,
porque quero saciarme
deste entrar e saír
por porta milenaria.

Non che sorprende, seino, que sexa eu
a que che esixe
e aínda me considere
peregrina especial de peregrinos.

Olláchesme tantas veces dando voltas.
E ás agachadas pasear
para atopar a faciana de Santiago.

Quizais foi el quen dirixiu o destino,
e así puiden medrar e sosterme
cando andei dispersa e reducida
por lugares, que pensaba cara a onde
levaría o disparo a súa cobiza.

E has ser ti, unha vez máis,
a que me abrigue
coma algo da obra que foi túa,
e segue a ser túa.

Eu hei responder
contemplando a túa pedra.
E hei levar os rezos
e o teu nome, aínda máis,
por camiños do mundo.

Pepa Nieto

SANTOS PÉS

Nos teus pés unha casa
Incendiará as pegadas do
exilio.
LUIS ARRILLAGA

Eles son do meu corpo
e de tódolos sangues,
 e atoparalos polos asfaltos
máis irrecoñecibles.

E eu subo ata os meus ombros
e ólloos,
e entenden que me deixo levar
por máxicas estrelas dos seus dedos.

Eles son coma estrelas, e aínda grandes.
E o meu nariz agradecido, e pequenísimo,
é tan só unha sombra,
unha influencia,
igual que a miña memoria
apenas viva, apenas confiable.

Por iso aquí, desde as miñas costas,
fago entrega, muscular entrega.
E confío;
confío plenamente no meu pé esquerdo.
É unha entrega de min mesma para deuses,
diría para santos.

Porque os pés son coma santos
que cumpren cada pregaria nosa.
E quero dicir, eu adórovos, pés,
santos pés.

Pés coma monstros santos.
Ámovos desde aquí, que é a miña carne,
e desde estradas
que non coñecen nomes.

Hoxe premio a tódalas sandalias
que durmiron comigo, pé dereito.
E acariño o camiño
para o voso pé esquerdo.

Pepa Nieto

EXPOSICIÓN DE PEPA NIETO

O pasado 10 de setembro a artista outense Pepa Nieto inaugurou unha exposición de esculturas no Vello Cárcere do Concello de Lugo que se poderá visitar ata o día 30 de novembro.

O acto de inauguración da mostra, titulada *Forza, Espazo, Tempo*, foi presentado pola concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, que recordou a traxectoria desta artista que presidiu durante varios anos a Asociación de Mulleres Galegas no Exterior "Rosalía de Castro" e coordina desde hai máis de vinte anos a tertulia *Arco Poético* na Biblioteca Pública "Elena Fortún" da Comunidade de Madrid. A concelleira referiuse á faceta de Pepa Nieto como escritora, pola que recibiu, entre outros, o premio Internacional de Poesía "Antonio Oliver Belmás" polo seu libro *Como ceniza,* e lembrou que no campo da escultura realizou varias exposicións tanto colectivas como individuais —entre elas unha organizada pola nosa asociación no 2014, na Casa da Cultura de Outes—, sendo galardoada tamén con diversas distincións por este labor.



Vendidas polas nais (II)
Carme Laranga

Saúl Bustelo

Naceu nunha casa pobre da Torre de Brouzós o mesmo ano que España perdeu Cuba. Por iso os seus irmáns máis vellos marcharon á Arxentina uns anos despois. Eran mozotes que xa *entraran en quintas* e marcharon sen papeis. Ninguén llelos reclamou para embarcar en Vigo nin, tampouco, cando desembarcaron en Bos Aires. Non lles preocupou moito que os declarasen prófugos porque non pensaban volver e reclamaron a Carme para Bos Aires en 1910. Atopáronlle emprego de *mucama* nunha casa rica na que aprendeu a facer de todo. Aturou as burlas que facían as *señoritas* do seu falar. Procurou non quedar nunca soa co irmán delas no cuarto deste pois era de verbo adulón e moi rápido achegando os beizos e as mans ao corpo dela. Resultou peor, aínda, o patrón vello, que a empurraba contra a mesa da cociña ou a despensa para refregarse sen disimulo, sobándoa toda e dándolle algunha cachoada nas nádegas. Carme contoullo, moitos anos despois, a Xuliana cando esta marchou para Bos Aires. Ía casada co Antonio mais convíñalle ter ollo se se empregaba nunha daquelas casas de ricos afeitos a divertírense abusando da necesidade das *mucamas* que traballaban para eles.

O don Lisardo de Brouzós escribiulle a Carme por encargo do pai desta. Pasaran quince anos e recibira poucas cartas dos pais. Ela mandáralles, puntualmente, boa parte dos seus aforros e nin avisaban da recepción daqueles cartos que cobraban na tenda de tecidos e ultramarinos do Chiquito, en Arenteira. O cura dicíalle que a nai dela quedara cega, o seu pai estaba vello e precisaban dunha muller que os coidase, pois as irmás máis novas casaran para fóra da casa... Carme voltou, obedecendo os mandados dos pais e renunciando a aquela vida limpa que acadara en Bos Aires. Pasaba dos trinta anos e non contaba casar, pois outras máis novas estaban solteiras naquela contorna escasa de homes porque case todos os mozos marcharan *facer as Américas* ao Brasil ou ao Río da Prata. Nin se lembraba de Felisindo Abellás cando el chegou á porta da casa dos pais preguntando por Carme. Víronse durante aquela tempada, falando nos luscofuscos á porta da casa. O Felisindo apareceu para axudarlles coa seitura, na vendima e coa esfolla do millo. Os pais falaron con ela e concordaron que era bo que o mozo viñese xa para a casa pois evitarían díxomes e precisaban moito dun home para traballar ben as terras propias e as veigas que levaban de medias.

Carme descubriu a destempo que ao Felisindo tiráballe máis o oficio de zapateiro que a labranza. Tampouco fixo boas migas co sogro e volveu para a súa casa de Arenteira deixándoa cos tres fillos que tiveran en poucos anos. A señora Xuliana xa era mociña e lembra ben que a *tía Carme* vírase moi apurada para crialos. Por iso comezou a traballar de xornal nas casas da contorna. Unha veciña recomendoulle que fose pedir traballo ao pazo pois adoitaban precisar mulleres para sachar e facer outros labores na casona e nas leiras.

E Carme petou na porta do pazo, disposta mesmo a pedir esmola para sacar os seus fillos da fame. O criado que a atendeu comprometeuse a darlle o recado ao señor, que ía na feira da vila, de que ela ofrecía os seus servizos para traballar na labranza ou naquel fogar. Era unha casa grande e rica en terras e gandos, que fora a menos, paseniñamente, naqueles tempos de impostos excesivos para beneficio dos caciques do concello. Tiveran que vender moita madeira dos agros para pagar un substituto que librase o *mellorado* de ir de quinto á guerra de Cuba e, anos despois, para a cota que ceibou os seus curmáns das non menos desastrosas campañas africanistas en Marrocos. Ao cabo, o mesmo José Lago vendeu algunhas terras para mercar a herdanza do tío cando este decidiu marchar para a Arxentina coa súa familia reclamados polos cuñados.



Foto 1. Carme (esquerda) cunha amiga en Bos Aires

Ao pouco tempo de proclamaren a República afundíronse os prezos das patacas, o millo e os gandos, que nin tratantes había nas feiras. El non animara para iso a revolta dos agraristas da parroquia contra o repartimento extraordinario de arbitrios. O asunto fóraselles das mans, pois houbera cinco veciños mortos e varios máis feridos. A Garda Civil tomara a freguesía e mesmo

andaran unha boa tempada vixiando arredor do pazo, ata que mercou vontades por uns milleiros de reais. Volveulle o medo ao corpo cando empezou o *Movimiento*, temendo que viñesen por el de noite como fixeran con moitos traballadores socialistas e anarquistas das obras do ferrocarril. Contoullo ao Antonio porque sabía que o mozo era de confianza. Fora un dos fundadores daquel sindicato de obreiros e oficios varios da Brouzós e el mesmo recolleu os estatutos, xa aprobados, no Goberno Civil, aquel 18 de xullo no que xa todo andaba revolto.

José Lago mandoulle recado a Carme para que fose traballar no pazo. Pasou meses estrumando as cortes das vacas e da besta do amo, fendendo leña e cavando nas hortas. O amo encargoulle gobernar a casa ao saber que estivera de *mucama* nas Américas. Sentíase ben a carón dela e pasaron moitas horas parolando mentres ela traballaba. Semellaban pai e filla pois o *don Joseíño* xa pasaba ben dos sesenta anos. Outrora seica fora un bo raposo que roubara a honra dalgunhas mozas da contorna. Falábase que lles pagara a algunhas para que marcharan servir a Santiago ou á Coruña para que tivesen alá as súas criaturas sen daren que dicir. Mais el non casara nunca e non tiña fillos recoñecidos que o herdasen.

A Carme decatouse axiña que aquelas terras acoutadas daban fartura abondo de trigo, patacas e millo. Ata vendían o leite das vacas e non faltaba unha *ceba* para o abasto da casa. Era moito naqueles anos de fame despois da guerra. Comezou a levar a filla máis vella con ela para que lle axudase a facer as angueiras da casa grande. A rapaza era espelida como a súa nai e rápida de mans como o pai. O *amo* uliscaba a presenza da moza e púñase todo rufo ao vela. Dicíalle, rindo, que era unha mazá a punto de madurar. A Manuela deixábase engaiolar e agradeceu debidamente algunha tea que recibiu do amo para que fixese "blusas e saias propias dunha moza do seu tempo". Carme desconfiaba daquelas lerias galantes do vello e reprendía ás agachadas a filla para que non estragase a súa oportunidade. Mais a Manuela *caeu en estado* ao cabo duns meses e xa quedou a vivir no pazo. Non fixeron voda por ser unión moi dispar en idade e condición, mais o amo recoñeceu o fillo, deulle o seu mesmo nome e fixo o mesmo cos outros tres que foron nacendo.

Foi ben certo que a moza estaba en sazón e o José do pazo repolizou a carón dela naqueles anos que viviron xuntos. El finou, aos 84 anos, en marzo de 1961. Ela seguiuno dous anos máis tarde, vítima dunhas febres que non lle souberon coutar a tempo. A súa neta Xacinta, boa amiga da señora Xuliana, lembra que Manuela sempre tiña a cabeza quente e puña tonas de pataca para calmar as dores que, ao cabo, acabaron coa súa vida. Só tiña 37 anos e deixou catro cativos orfos de entre quince e nove anos. Foi entón cando a *buelita* Carme se instalou naquel pazo esmorecente e procurou gobernalo con man de ferro defendendo a herdanza dos seus netos fronte a cantos quixeron aproveitarse da precariedade daqueles cativos. Por iso mandou para A Coruña a segunda filla que tiña. Empregouse no servizo doméstico e encarreirou alá a súa vida. O terceiro foise para Holanda, embarcou na *mercante* e tardou ben tempo en volver á casa. *Buelita* Carme deixou que enterrasen o pai dos seus fillos no común para non gastar diñeiro dos netos asolagados xa nunha infancia de traballos e tristuras. Ao cabo, o maior deles herdou o pazo e deixouno esmorecer de vez. O seguinte procurou traballo nas plataformas petrolíferas e as dúas irmás desenvolveron as súas vidas coa xenerosidade e a teimosía características da estirpe dos Lago Abellás.

Buelita Carme finou con máis de cen anos vividos e moitas experiencias contadas ás súas netas. Facíao contenta agás cando Xacinta ou María lle preguntaban pola nai delas. Entón, as bágoas mollábanlle os ollos e a tristura escurecíalle a faciana. Sempre lles dicía que as mazanceiras do pazo se puxeran máis vermellas de envexa cando o amo José descubrira a fermosura da súa Manuela e que eles eran o froito daquel amor de outono que agora rexurdía nas primaverais vidas deles.

A historia conmoveume e fíxome pensar. A mesma Xacinta díxome que houbera casos semellantes na aldea, como o de Otilia Millares que casara co amo en Cuba para salvar da fame a súa familia. Viñera, xa viúva, para unha casa que herdara ou mercara o marido cubano dela e fixera boa avinza coa Xuliana do Antonio.

Ao cabo, as miñas pescudas sempre remataban neles. O señor Antonio xa era un vello mouro polo sol, fraco polo traballo e xurando arreo polas leas da vida, diante dos meus ollos e ouvidos de neno. Del aprendín os primeiros pecados cando tiña tres anos. Díxenllos ao cura cando veu bendicir a casa dos meus pais e a cousa rematou mal para as miñas orellas e para el, pois tiña antecedentes abondo dende aquel sindicato de obreiros e labregos *comunistas* que fixeran na parroquia para traballaren nas obras do ferrocarril. Foime contando esas cousas aos poucos, consonte pasei de mozo a home feito. Deume un dos mellores consellos que recibín ata o presente cando soubo que me casaba. Fixo un aparte comigo e recomendoume que procurase non enganar a miña dona e, se o facía, que fose lonxe, sen testemuñas nin amigos que puidesen contar o asunto… Anos despois deulle o mesmo agasallo ao meu irmán pequeno que me contou, moi sorprendido, o agasallo que recibira do patrón da aldea.

Non era doado sentar o señor Antonio para falar de vagar. Polas mañás da semana vai fedellar ás leiras montado no seu *pascualí*. Volve para xantar e marcha de novo pilotando, agora, un 850 que fará o medio século este verán, para desfrutar longas sobremesas de dominó e conversas. Reaparece á noitiña, cea vendo os telexornais e vaise deitar. Quedei de ir velo un domingo pola mañá. Sentamos na cociña cuns cafés e comezou a contarme o caso da Otilia mentres dabamos boa conta do biscoito que fixera a sobriña.



Foto 2. Carme (2ª pola esquerda) cunhas veciñas

Fonte do Carboeiro

Óscar Sendón



Imaxe 1. Fonte do Carboeiro. Ilustración de AARÓN LIRES SENDÓN

Na véspera do Xoves Santo de 1755 orballou, ameazou choiva e fixo unha calor impropia do mes de abril. Con esas, Mauro, O Moreno dos Picos, levaba dúas horas pendurado a 25 metros de altura, suando, coa musculatura en tensión polo esforzo e a concentración de mante-lo derradeiro perpiaño da torre esquerda nunha perfecta liña recta, mentres don Domingo, o mestre canteiro, afina o leito co escuadro e a maceta.

Antes de que o Sol se agoche tralo monte dos 3 lombos, Mauro percorre o esqueleto pétreo da igrexa na procura de picos, ciceis e punteiros danados para levalos á forxa a reparar.

Co cesto cheo de ferralla deixa tras de si a que será a súa terceira igrexa dende que con oito anos, posiblemente, o acollera o señor don Domingo como aprendiz. Posiblemente, porque o meniño pardo, daquela, non sabía a súa idade. Nesta primavera ben pode andar polos dezaseis ou dezasete anos, mais o único que sabe con certeza é que o seu avó nacera na escuridade africana pra morrer nunha plantación de azucre ao outro lado do mar, onde naceu a súa nai que atravesará o mar de volta como escrava, xunto coa avoa, unha indíxena tupinambá que morreu en Portugal de morriña, ou iso lle contaran a el. Do seu pai só sabe que foi o que lle deu a carta de liberdade e o meteu nun carro de Lisboa a Compostela, onde o mestre de obra frei Manuel de los Mártires tiña a encomenda de buscarlle un oco como aprendiz dun dos seus mestres de cantaría de confianza.

O Príncipe Preto, como chamaban os escravos do pazo ao Mauro, ía ser libre por primeira vez na súa vida, só tiña que entrega-la ferralla e volta-lo sábado cando se convertese de novo en ferramenta útil para os canteiros.

Dous días enteiros sen ordes nin encargos, podería visita-la igrexa de Sabardes e inspecciona-la reforma recente, igual ata probaba a refrescarse na praia, subir ao monte das tres lombas ou cruza-lo río e coñecer Noia, onde dicían que había un pórtico que podía se-lo irmán pequeno do da Gloria. Mentres argallaba nisto o camiño cara á forxa chegaba á súa fin.


Libre do peso do ferro e do traballo sentiu o corpo máis livián ca nunca. De xeito mecánico seguiu o camiño, ás costas os andamios e as dúas torres case rematadas, á fronte Noia. Esa era a elección. Só tiña que atravesar dúas pontes e na volta do camiño que tira a Santiago debía elixi-lo carreiro da dereita que baixa cara á vila, deixa-la ría sempre á man dereita e xa estaría.

De camiño atravesa as veigas dunha aldea polo poñente e deixa ver niños de pequenas vivendas abeirando un par de casas señoriais. Mauro repara na gran cantidade de hórreos dispostos á beira das casas coma cans gardiáns. Terra fértil, regueiros cheos e ben coidados, herba verde e á fronte salgueiros e carballos. O río debe estar próximo. Como home libre a súa primeira acción ía se-la de asearse. Mellor un home pardo que arrastraba os erres coma un lisboeta limpo que un perigoso negro cheirento aos ollos da xente pouco acostumada a ver peles tan escuras, pensa.

Xa limpo e coa noite enriba, adentrouse na carballeira para acender un lume. Aínda que non era unha zona moi perigosa, facer noite á beira das casas sen avisar ou pedir acubillo era un risco. Mentres quece o corpo e enxuga a camisa, na aldea algúns fachos van e veñen entre os alboios, as casas, os hórreos-can e polas corredoiras sobe un cheiro a loxa, a esterco húmido envolto en fume con pataca cocida. Hai que buscar un teito para pasa-la noite, ata pode que unha boa persoa se preste a comparti-la cazola.

De camiño á aldea atopa na fonte á beira do carreiro dúas rapazas esperando a que rematase de encher unha perfia á luz dunha lámpada de aceite que ameazaba con apagarse con cada pequeno sopro de aire. Acércase con coidado, anunciando a súa chegada para evitar sustos innecesarios, mais o que consegue é unha choiva de pedras que voan na procura da súa cachola sen éxito. Cando consegue que escampe, explícalles que traballa na obra da igrexa de Roo, que quere visitar Noia, que se lle fixo de noite e que se lle dan un teito baixo o que durmir de moi bo gusto lles axuda coa perfia.

As mozas, aínda que con certa prudencia, deixan que Mauro as acompañe mentres lles conta o pouco que sabe de si



Imaxe 2. Detalle dos canos da fonte. Ilustración de AARÓN LIRES SENDÓN

mesmo, o dos seus avós que puideran ser rei e raíña dos seus pobos antes de seren apresados e convertidos en escravos, que pode que o sei pai fose o príncipe José de Portugal, ou un primo deste que tamén se chamase José, pero tamén pode que todo aquilo non fose verdade e que simplemente a súa nai, unha escrava parda cos ollos máis grandes que nunca vira, lle contase esas historias para que cando quedase a durmir soñase con que podía se-lo próximo rei de Portugal, ou que podía ir ao Brasil para reclama-los seus dereitos como xefe dunha tribo do Amazonas. Tamén lles contou como na pedra atopara a súa verdade. Dende a canteira ata o cumio dun campanario, coñecía perfectamente a historia de cada perpiaño, como lles daba forma dende que non eran máis que un monte de grans pegados entre si nunha parede. Como os axudaba a deixa-lo seu estado salvaxe e os convertía en perfectas novas formas xeométricas que se axudarían entre si para se converteren en muros, en piares, en pilastras, en bóvedas. Para ao fin dar xeito a unha igrexa.

A lámpada xa había un bo anaco que perdera todo o aceite e levaban un tempo falando ás escuras. Agora somos iguais, pensa o Mauro. Nos últimos anos as súas conversas eran respostas curtas a ordes directas, sen un oco para expresar un desexo, un sentimento. Seguía sorprendido do que lle estaban a depara-las súas poucas horas como home libre.

A rapaza máis nova entrou á casa a deixa-la auga. A outra irmá, que andaría polos quince anos, ofrécelle a corte do boi como resgardo para pasa-la noite e un anaco de boroa. Agradecido, cítanse na tarde do Venres Santo para devolverlle o favor.

Neste intre, tal día coma hoxe, fai mil e moitos anos estarían a desencrava-lo noso Señor Cristo dun listón de madeira. Así o quixo, e así debía empeza-la nosa salvación. Mal xeito tendo en conta o ruíns que somos. Pobre Xesús.

Os pensamentos á beira dunha fonte discorren ao ritmo que marca a auga que sae polo picho, así que o Mauro reflexionaba sobre todo o que aprendera das construcións noiesas, o espectáculo das procesións e o desencravo e por debaixo de todo iso a cara de Carme, cos ollos fixos nos seus escoitando xa sen luz, coa lúa a medio encher, as súas historias da vida das pedras, das igrexas.

A calor segue a ser grande para esta época do ano, pero pouco lle queda ao Sol para agocharse. Non vai aparecer. Non vai aparecer. Os pensamentos enlámanse. Os ollos do recordo núbranse e un sentimento novo apértalle a gorxa e o estómago. Tenme medo, non vai aparecer. Volve a beber. Non vai aparecer.

Carme, a irmá maior, a moza de longos cabelos escuros, a que escoitara ao rapaz que arrastraba as erres falar de pedras e realezas imaxinarias, estaba alí. Despois dun silencio sostido polo fluír da auga, o Mauro entrégalle unha barquiña de madeira. Para cando queiras escapar, dille. A moza dos ollos verdes sostén a peza contra o peito mentres fita o Mauro. Escapemos.

Nos días que seguiron o Mauro foi tódalas tardes á fonte de Brión para poder ve-la súa namorada, ata que un día non apareceu, nin ao seguinte, nin ao seguinte. O pai soubo dos seus encontros e impedíalle saír da casa se non era acompañada. Así que por medio da irmá pequena citáronse na véspera do San Xoán para fuxir.

A véspera de San Xoán amenceu enxoita. Quince días de choivas frearan a obra da igrexa de Roo. O aprendiz portugués non se presentou ese día ao traballo. En Noia embarcaba unha moza de longos cabelos morenos e ollos verdes para non voltar. Na fonte de Brión, da que Carme prometera beber polo picho cando non puidesen ter privacidade para que logo o Mauro tamén bebese dun longo bico húmido, alí á beira do camiño, un mozo mulato de ollos grandes e espertos agarda. Agarda.

(...)

Agora que vivimos tempos de frechas amarelas guiando o camiño que polo menos volven a tomba-las herbas que xa perderan a memoria da pegada constante, agora, esa fonte mudou ao mesmo ritmo que as distintas concentracións parcelarias ou ao igual que a terra se converteu en asfalto. A fonte atópase a uns metros de onde se di que un día de San Xoán de hai moitos anos un demo escuro coma a noite picou o picho de pedra e abriu un buraco novo para que a auga saíse por dúas canles distintas. Dicían que unha moza ía tódalas noites a beber do bico da fonte polo feitizo dun fauno e que o demo namorado intentaba romper así o meigallo. Neste punto o relato colle varios camiños, a moza morre ao non poder beber polo bico, outros din que morre ao ser incapaz de deixar de beber. O que si coincide é en que un dos pichos seguía enfeitizado, e que só os habitantes de Brión saben cal é.

Fábula, relato mitolóxico, conto de lareira, sexa como for, a nova fonte herdou o dobre picho e sexa por xenes, por inercia ou casualidade, hoxe en día, e coma no seu día a nosa veciña Carme, seguimos a beber do mesmo picho da fonte.

Antía e o tornado

Manel Monteagudo



O cataventos, en forma de galo, que estaba na cheminea da casa xiraba a unha velocidade sorprendente. Antía observaba a formación da tormenta dende a xanela do seu cuarto. As paredes non deixaban de tremer. Escoitou o ruído dunhas tellas que non resistiron o impacto do vento.

—Vamos todos ao soto!–berrou o seu pai.

Toda a familia dirixiuse ao soto. Antía só tivo unha milésima de segundo para sacarlle unha foto ao remuíño que se vía ao lonxe.

Antes de entrar no soto, a pequena puido ver como as árbores eran arrancadas do chan e voaban polos aires. Seguro que unha desas árbores daría coa casa. Pero non podería velo. Estaría coa súa familia encerrada baixo terra.

Só tiñan unha lanterna e algunhas candeas. A súa nai tocou a barriga, coa intención de calmar a criatura que levaba no seu interior. O pai colocouse diante da porta do soto, escoitando o son do vento. Pero non era necesario. Oíase perfectamente o remuíño arrasar con todo o que atopaba ao seu paso.

O resto dos nenos choraban ou tremían. Só Antía sentía curiosidade polo que se atoparía por detrás da porta. Puido escoitar perfectamente o golpe de obxectos pesados, retumbando polo chan e sendo levados arrastrados polo remuíño. Ata escoitou como a casa se fixo cachizas por completo, o cal a levou a imaxinar un mundo devastado, tal como aparecía nas películas apocalípticas.

De súpeto, calma total. Inda así, o pai non se sentía tranquilo. Afastouse un pouco da porta e abrazou a súa muller. Antía, crendo que o vento cesara, levantouse, abriu a porta e saíu do soto.

O que viu marabillouna. Atopouse dentro dun gran círculo, de paredes grises e tan altas que acadaban o infinito. Arriba víase un burato, que descubría un cachiño do ceo azul o cal fora tapado polas nubes. Todo era calma. Non ouvía nada. Desexou acadar aquel cacho de ceo, baixalo á terra e regalarllo ao irmanciño que nuns meses nacería e formaría parte da familia.

Sentiu os seus pés despegar do chan. Non podía crelo. O seu soño facíase realidade. Sentiu unha euforia tan descomunal que berrou a todo pulmón. Un berro que o seu pai interpretou como susto.

—Regresa! Non te vaias!–dicíalle o seu pai.

Pero Antía non escoitaba. Foi completamente absorbida polo centro do remuíño. A súa mente só estaba nese ceo azul. Estaba preto. Podía sentilo. Non obstante, algo nela sacouna do seu ensimesmamento. Iso fixo que baixase a mirada en dirección ao soto, onde viu ao seu pai do tamaño dunha formiga. Da emoción pasou á desesperación. E antes de perderse por completo polos refachos do vento acadou a dicir:

—Non me afasten da miña familia!

O seu pai cerrou a porta, sentou no chan e chorou con amargura. Todos os seus irmanciños preguntaron por ela. Súa nai apertou con máis forza o ventre e tamén chorou. Non podía crer o de Antía. Desapareceu, foi levada polo vento e nunca máis saberían nada dela.

Anos despois, cando a irmá menor de Antía fixo dez anos, outro remuíño pasou polo lugar. Aquilo fixolles lembrar a repentina desaparición de Antía, todos se encheron dunha

enorme tristura, asemade que as bágoas asolagaron os seus ollos.
A nova integrante da familia chamábase Lucía. Ela nunca creu que Antía morrera. Dicía que regresaría con outro remuíño. Toda a familia se encargou de dulcificar a súa imaxinación con esa fantasía. Mais tarde ou cedo debía afrontar a verdade.
Unha vez pasado o remuíño, Lucía saíu e, xunto cos seus irmáns, comezaron a restaurar a casa.
Ao día seguinte, mentres buscaban axuda para a indemnización, Lucía viu a unha muller estraña no lugar. Era alta, de cabelos negros e ollos grises. A nena achegouse á muller con curiosidade. Supuxo que era alguén que viña de visita para axudar os seus parentes ou amigos.
—Quen es? Perdiches a túa familia?–preguntoulle Lucía.
—Si. Perdinos–respondeulle a muller–. Regresei para buscala.
—Antes de eu nacer, os meus pais perderon a miña irmá nun remuíño–explicoulle Lucía–. Dixéronme que foi abducida por el. Por iso sempre agardei que viñese outro remuíño para que a traia de volta. Pero dende que nacín ata agora non pasara ningún.
A muller ollou a Lucía directo aos ollos. Era como se a asombrase a historia da nena. Ao final, preguntoulle:
—Como se chamaba esa irmá túa que desapareceu co remuíño?
Lucía, sen titubear, respondeulle:
—Chámase Antía.
A muller respirou con dificultade. Logo botouse a rir ás gargalladas. O irmán maior de Lucía, ao vela cunha estraña, achegouse e díxolle:
—Lucía, non debes falar con descoñecidos.
—Daniel? Es ti?–preguntoulle a muller–. Como medraches!
—Como sabes o meu nome?–preguntou Daniel, estupefacto.
A muller amosou un sorriso amigable. Só lle bastou unha milésima de segundo para responderlle sen dubidar.
—Seino, porque eu son Antía.
Daniel quedou sen palabras. El era moi pequeno cando Antía desapareceu naquela catástrofe da natureza. Cría que estaba morta. Ata ese momento, nunca escoitou dalguén que sobrevivise a unha tormenta desa magnitude.
Lucía, ao escoitar o nome da muller, exclamou:
—Es Antía! Verdade? Ao fin coñezo a miña irmá!
—Isto non pode estar pasando!–acadou a dicir Daniel, despois de recuperar a súa voz.
—Non será un truco? Cales son as túas intencións?
—Sei que é difícil de crer, pero realmente son Antía–insistiu a muller–. Sobrevivín ao remuíño cando me levou a un afastado lugar. Estiven en estado vexetativo durante anos, ata que espertei e me decatei que medrara. Viaxei de lugar en lugar, ata chegar aquí. Iso si, esta vez tiven coidado de non toparme co remuíño. Se non me cres, podes facerme as preguntas que só Antía sabería.
—Daniel! Ela si é Antía!–berrou Lucía, sen deixar de abrazar a muller–. Antía ten os ollos grises. E é alta. Agora é máis alta porque medrou.
Daniel chamou os seus pais por teléfono. Cando eles se achegaron narroulles o sucedido.
Todos os irmáns se achegaron e se dirixiron á casa, desexosos de atoparse coa suposta Antía.
A nai actuou como se vise un fantasma. Tiña nas súas mans a foto da súa filla desaparecida. Non cambiara en case nada. Seguía tendo os ollos grises. Despois, estendeu a súa man, acariñoulle suavemente a meixela e Antía bicouna na man.
—É Antía–dixo a nai, atónita–. É o mesmo xesto que facía cando lle acariciaba a cara.
O pai non podía crelo. Antía conservaba aquel mesmo sorriso que tiña de pequena. Ao final, para disipar toda dúbida, preguntoulle:
—Que fixeches antes de que nos encerrásemos no soto?
—Saqueille unha foto ao remuíño, dende o meu cuarto–respondeulle Antía, sen dubidar.
O pai deulle unha aperta á súa filla, sen deixar de chorar da emoción. Todos recibiron a Antía cos brazos abertos. Sobreviviu ao remuíño e regresou á casa, despois de longos anos de recuperación e confusión. Lucía sentiuse moi ansiosa e feliz. Realmente valeu a pena aquela aburrida infancia, onde só desexaba coñecer a súa irmá maior, a quen só vía en fotos e en soños. E como Antía perdera todos eses anos, Lucía encargouse de poñela ao tanto do que aconteceu na familia durante ese tempo.
Ao final, cando todos estiveron seguros de que esa muller realmente era Antía, Lucía preguntoulle:
—Que sentiches cando che levou o remuíño?
Antía reflexionou a pregunta de Lucía. Pasou o tempo. Os seus recordos eran confusos. Ao final, respondeulle:
—Sentín que podía acadar o ceo, baixalo á terra e regalarcho cando naceses. Despois todo é confusión. Lamento moito non traerche ningún agasallo, Lucía.
—Ao contrario, a túa presenza na familia é o mellor agasallo que puideches traer. Todos te estrañamos, Antía. E non sabes canto desexei pasar a miña infancia contigo. Agora poderemos estar todos xuntos para sempre.
Ambas se abrazaron. Logo, comeron un pastel e festexaron todos os aniversarios que Antía non festexou, por estar en estado vexetativo, nunha rexión afastada e sen posibilidade de contacto ningún coa súa familia.



FOTO ANTIGA

Escapando das xeadas

Nesta ocasión botamos man dunha foto que xa ten os seus anos, pois resultoume curiosa e significativa pola época na que foi feita, unha instantánea equilibrada, chea de seguro que con moitas alegrías e angustias dos que nela saen, brillante coma unha estrela en ruínas, ou, mellor dito, entre ruínas...

Tamén nos fala dunha saudade que se fai sentir ao mirala, unha observación curiosa, dinámica e romántica, como sentimentos encontrados e afastados.

Resaltan moitos elementos vitais… Atopar un sentido galego do vivir diario e rumoroso, con personalidade propia.

Por un instante case podemos saborear a mestura do espiritual, dos ritmos acompasados, misteriosos e mantidos pola infinita pureza que os envolve, coma un eco de sonetos ceibes e vastos, mais temerosos dunha morte próxima e segura coma un Sur luminoso... radiante…

Escapando sempre das xeadas que viran coa crúa invernía, cos seus ventos aloucados e destrutivos, marcando un antes e un despois deles… dos medos pretéritos…

Xastre



RECEITA

Biscoito Pão de Ló

Ingredientes:

- 4 ovos
- 400 g de azucre
- 300 g de fariña
- 250 ml de leite
- 15 g de lévedo Royal
- 1 culler de esencia de vainilla

Elaboración:

De primeiras, quentámo-lo forno a uns 180ºC e coa mesma separámo-las claras das xemas, batémo-las claras e engadímo-lo azucre ata conseguirmos unha mestura consistente; un merengue, para entendernos.
De seguido, ímoslle incorporando en tres quendas a fariña intercalándoa co leite e maila esencia de vainilla, e pra o remate sumámoslle o lévedo.
Xa todo ben mesturado, vertémo-la mestura no molde e enfornamos por uns 40-45 minutos máis ou menos, mantendo o tenteo na resultante para que non se pase e se queime.
Acompañado cun licor, é de premio!

Julia Seijo



FOTO DENUNCIA
TRES IRREGULARIDADES EN UNHA

Unha irrelevante, outra irritante e a terceira desesperante. Vamos coa primeira, a que aparece en primeiro plano: pintado no chan, un rectángulo de color branca e no interior, en letras tamén brancas, as iniciais PL. Que significa eso? Permitido lavar? Prohibido lavar? Parking libre? Parking Limitado? Parada de Limusinas? Quizais estea recollido nas ordenanzas do Concello de Outes. A propósito, hai ordenanzas de Outes? Se é así, non estaría mal que se desen a coñecer ou polo menos o significado deste PL nun sinal vertical, porque no código de circulación non está. E tería *guasa* que os municipais multasen a alguén por infrinxir unha norma que non existe. Ah! Falando de municipais, pode que esas iniciais signifiquen Policía Local e sexa un espazo reservado para ela. Neste caso, o correcto sería pintar as liñas de amarelo, que a color identificativa do prohibido aparcar, e nun sinal vertical advertir do reservado para a garda urbana.

A segunda xa é escandalosa: un contedor de cartón, ademais de cheo a rebordar e escangallado por abaixo, atrancando hai máis de dous meses o paso dos peóns, que se ven obrigados a baixar á calzada para esquívalo, ao tempo que deben canear os automóbiles. E aos usuarios do Centro de Día, nesa mesma rúa, que usan cadeira de rodas, obrígaos a dar toda a volta á mazá para poder ir ao supermercado, á clínica de fisioterapia, á farmacia, ao quiosko, á Casa do Concello ou tomar un café.

A última tén que ver coa cada vez máis alarmante falta de aparcadoiros na Serra polo aumento constante das rúas humanizadas que van diminuíndo paulatinamente as prazas para os vehículos. A liña amarela -esta vez si- impide deixar os coches en tres cuartas partes deste lado da rúa. É comprensible porque se precisa reservar ese espazo para facilitar o estacionamento do transporte especial que carrexa os anciáns usuarios do Centro de Día. Pero, toda vez que este último non está en funcionamento nin os festivos, nin todos os días da semana, nin todas as horas do día, estaría ben que se permitise o uso do aparcadoiro ao resto dos veciños cando o Centro está pechado, mediante uns sinais que permitan o seu uso fóra do tempo reservado para aquel, como en todas as zonas delimitadas para a carga e descarga.

Xan Perillán



Desde Rusia con Añón (II)

Ramón Blanco

"El caso es que, de año en año, veia que sus deudas aumentaban y sus rentas disminuian. No podia, pues, continuar al servicio del Estado, viviendo en la capital como hasta entónces, y por más que renunciase, á su pesar, á la carrera de funcionario, la razon le obligaba á volver á su pueblo para poner en órden sus negocios".

A cita precedente corresponde ao segundo parágrafo da novela rusa *Os dous amigos*, traducida ao castelán por Francisco Añón, publicada no periódico madrileño *Crónica de la Guerra* en 1877, de xeito incompleto, xa que só apareceron as dúas primeiras entregas. Lembrará a atenta lectora que, tal como consta en dita tradución, a obra é orixinal de "M. J. Tourguenef". Era este o máis europeísta da narrativa rusa decimonónica. Naceu en Oriol (ou Orel) en 1818 e faleceu en Bougival (Francia) en 1883. Certamente a grafía do apelido e, maiormente, as iniciais que o preceden poden despistar un pouco. Coñecido actualmente en español como Iván Turguénev ou Iván Turguéniev, e aínda tamén sen acento no apelido, tiña por nome completo en ruso Иван Сергеевич Тургенев (Сергеевич é "Serguéievich", que adoita omitirse). En galego podemos atopalo transcrito do cirílico como Ivan Sergeevich Turgenev ou Iván Sergéyevich Turguiéñef; Iván Turguiéñef, de feito, foi a forma elixida por Manoel Riveiro Loureiro en 1987, cando publicou a tradución *O primeiro amor,* en Edicións Xerais de Galicia (na colección Xabarín, que tanto fixo por achegar a nosa xeración ás letras universais nos anos xuvenís, cando naquela biblioteca municipal que xa non existe tivemos o primeiro contacto co amigo supremo Manolo do Río, precisamente nunha conferencia de Manoel Riveiro). Supoñemos que Añón traduciría desde o francés, lingua que el mesmo dominaba (alén de ter contacto directo co país na viaxe que fixo con Lord Shawford anunciouse algunha vez na prensa sevillana como "*ex profesor del liceo parisiense en Lisboa*"), e lingua que dominaba o mundo cultural do século XIX, sendo tamén a cultura francesa ben familiar para o propio autor ruso, pois desenvolveu en Francia boa parte da súa vida. Nalgunha vella edición parisina atopamos o nome J. Tourguénef, practicamente o mesmo que consigna Añón, correspondendo a inicial J. a Iván, que non deixa de ser a equivalencia rusa do noso Xoán, do español Juan, do francés Jean... e así en moitas outras linguas románicas. Así pois, coidamos nós, respondería a inicial J. a un traslado galicista. Do mesmo xeito, o máis enigmático M. precedente podería ser abreviatura dun cortés "monsieur". Non poden estrañarnos estes caprichos gráficos vendo como vemos na cita do inicio as diverxencias coa ortografía actual (ai, os de castelán, sempre cambiando a normativa!!).



Turgenev en 1874, por Ilya Repin

Mais deixemos o nome e vaiamos á persoa. Turgenev (chamarémoslle así) era, en palabras de Sergio Pitol, un estilista moi atento á atmosfera social. A súa narrativa é pesimista, debedora (segundo algúns biógrafos, como o recentemente falecido Javier Marías) do entorno familiar adverso que viviu na infancia, e non precisamente por falta de recursos económicos. Deixando atrás a ditadura materna, en canto puido dispoñer dos seus bens, descendeu os camiños de Europa e viviu moito tempo entre Alemaña e Francia (os prosistas rusos do XIX de extracción social privilexiada eran educados en francés e alemán, e empregaban o ruso como lingua diglósica B). Neste último país tivo moi boa acollida entre os colegas escritores, o que contribuíu aínda máis á súa pulsión afrancesada. Só regresaría a Rusia a pasar algunhas tempadas. No final da súa vida, perdido para sempre nunha relación tóxica coa cantante Pauline Viardot, filla de españois, acrecentouse aínda máis a súa preferencia pola vida parisina ou as estancias nos balnearios de Baden-Baden.

Pertencía ao mundo elegante, achegado á corte, políglota... Podía permitirse vivir en París e viaxar a outras cidades de Italia (e nisto lembra o *tour* de Lord Shawford co noso Añón; non en van son practicamente estritos contemporáneos) e frecuentar as termas alemás. A gran amizade co mesmísimo Gustave Flaubert contrasta coas tensas relacións que mantivo por veces cos proeslavistas Lev Tolstoi e Fiódor Dostoievski; este último pasou da admiración absoluta ao odio eterno, e así o demostrou na caricatura feroz que fai del na novela *Os Demos*. Porque así como Dostoievski foi eslavófilo, Turgenev foi occidentalista. En *Fume*, unha das súas últimas novelas, reproduce as interminábeis discusións entre eslavófilos e occidentalistas rusos nun balneario alemán de moda, en Baden-Baden; os argumentos serán tan fútiles e evanescentes coma o fume...)

Afastado da cultura rusa (aínda que sen perder totalmente os vínculos) e inmerso no multilingüismo europeo, morreu no exilio de morte natural. Despois de Tolstoi foi, daquela prodixiosa nómina de narradores, quen viviu máis anos, sesenta e cinco. Despois de morto, ademais dun éxito literario perdurábel, protagonizou outra xesta un chisco máis extravagante: extraéuselle o cerebro e comprobouse que pesaba 2.021 gramos, toda unha marca, seica recollida no *Libro Guinness dos Récords*.